

## PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA REMIP "RÍA DE CEDEIRA" 2024-2026



## ÍNDICE

### 1. ANTECEDENTES

### 2. MARCO XURÍDICO, INSTUCIONAL E NORMATIVO

### 3. RESERVA MARIÑA "RÍA DE CEDEIRA"

### 4. MARCO XERAL DE REGULACIÓN DA RESERVA

- 4.1. Metas e obxectivos do Plan de xestión integral (PXI)
- 4.2. Elaboración, aprobación e modificación do Plan de xestión integral
  - 4.2.1. Elaboración e aprobación
  - 4.2.2. Modificación
- 4.3. Vixencia do PXI
- 4.4. Órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO)
  - 4.4.1. Composición e funcións
- 4.5. A coordinación da reserva e as súas funcións

### 5. A ORDENACIÓN TRADICIONAL, ESPACIAL E ADAPTATIVA DA REMIP

- 5.1. A ordenación tradicional e modelo adecuado para a REMIP
- 5.2. Ordenación espacial mariña e a ordenación adaptativa
  - 5.2.1. Ordenación espacial
  - 5.2.2. Ordenación adaptativa
- 5.3. Enfoque ecosistémico da pesca (EEP)
- 5.4. Actuacións previstas para a REMIP durante o período de vixencia (2024-26)
- 5.5. A descrición do espazo: localización, delimitación e zonificación
- 5.6. Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos
- 5.7. Pesca marítima de recreo e o mergullo de lecer
- 5.8. Marisqueo de recursos xerais
  - 5.8.1. Descrición e análise das zonas de extracción
  - 5.8.2. Descrición das artes de marisqueo
  - 5.8.3. Medidas de xestión por especies
    - 5.8.3.1. Berberecho (*Cerastoderma edule*)
    - 5.8.3.2. Cadelucha (*Donax trunculus*)
    - 5.8.3.3. Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*)
    - 5.8.3.4. Caramuxo ou bígaro (*Littorina littorea*)
    - 5.8.3.5. Longueirón vello (*Solen marginatus*)
    - 5.8.3.6. Ostra rizada (*Magallaba gigas*)
  - 5.8.4. Calendario de marisqueo previsto
  - 5.8.5. Resumo das medidas de xestión prevista para o período 2021-2023
- 5.9. Recursos específicos
  - 5.9.1. Descrición e análise das zonas de extracción
  - 5.9.2. Descrición das artes empregadas na extracción de recursos específicos
  - 5.9.3. Medidas de xestión por especies
    - 5.9.3.1. Percebe (*Pollicipes pollicipes*)
    - 5.9.3.2. Ourizo (*Paracentrotus lividus*)
    - 5.9.3.3. Solénidos: Longueirón (*Ensis siliqua*)
    - 5.9.3.4. Anémona (*Anemonia viridis*)
  - 5.9.4. Pesca de baixura

- 5.10.1. Descrición e análise das zonas de extracción
- 5.10.2. Descrición das artes de pesca artesanal
  - 5.10.2.1. Artes de enmalle
    - 5.10.2.1.1. Medidas de xestión das principais especies capturadas con estas artes.
      - 5.10.2.1.1.1. Centola (*Maja brachydactyla*).
      - 5.10.2.1.1.2. Xiba ou choco (*Sepia officinalis*).
      - 5.10.2.1.1.3. Raia (*Raja* spp.).
      - 5.10.2.1.1.4. Peixes planos: Rodaballo, linguado, acedía, solla e sollo ou curuxo
      - 5.10.2.1.1.5. Peixes de rocha: Maragota, pinto, sargo, escarpote, cabracho e robaliza
    - 5.10.2.2. Artes de anzol
      - 5.10.2.2.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con esta arte
        - 5.10.2.2.1.1. Congro (*Conger conger*).
        - 5.10.2.2.1.2. Peixes planos: ver táboa do apartado 2.6.2.1.1.4. Peixes planos.
        - 5.10.2.2.1.3. Peixes de rocha: ver táboa do apartado 2.6.2.1.1.5. Peixes de rocha.
      - 5.10.2.3. Arte de nasas
        - 5.10.2.3.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con estas artes
          - 5.10.2.3.1.1. Nécora (*Necora puber*)
          - 5.10.2.3.1.2. Camarón (*Palaemon serratus*)
          - 5.10.2.3.1.3. Patexo (*Polybius henslowii*)
          - 5.10.2.3.1.4. Polbo (*Octopus vulgaris*)
          - 5.10.2.3.1.5. Centola (*Maja brachydactyla*). Ver apartado 2.6.2.1.1.1.
  - 5.10.3. Resumo medidas de xestión para os recursos pesqueiros na Remip
  - 5.11. Regulación da flota.

## 6. SEGUIMIENTO, CONTROL E VIXILANCIA

- 6.1. O seguimento científico
- 6.2. As medidas de control na reserva
  - 6.2.1. O control das entradas e saídas
  - 6.2.2. O control das descargas
  - 6.2.3. O protocolo do punto de control
- 6.3. A vixilancia na reserva: dotación e funcións

### ANEXOS:

**ANEXO I.** Relación de embarcacións con arqueo igual ou inferior a 1,5 GT.

**ANEXO II.** Relación de mariscadoras/es a pé incluídas no censo.

**ANEXO III.** Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións de percebe.

**ANEXO IV.** Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións de patexo.

**ANEXO V.** Gráficas das principais especies marisqueiras do ámbito territorial da REMIP.

**Anexo VI.** Glosario.

**Anexo VII.** Referencias relacionadas do Código de Conducta para la Pesca Responsable.

**Anexo VIII.** Bibliografía.

## **1. ANTECEDENTES**

A protección de zonas de alto valor ecolóxico no mar ten o seu máximo expoñente no establecemento de espazos mariños protexidos, considerados desde un punto de vista holístico e xestionados de acordo co enfoque ecosistémico. Sen embargo, esta ferramenta de xestión desenvólvese considerando e incorporando aqueles espazos protexidos de carácter sectorial como son as reservas mariñas de interese pesqueiro. Por iso, o concepto de espazo mariño protexido é amplo e fai referencia ás zonas protexidas onde os recursos naturais existentes e os servizos aportados polos ecosistemas son aproveitados ata certo límite e en determinadas condicións. Por esta razón, tradicionalmente nos plans de xestión dun espazo protexido, adóptanse unha serie de regulacións e normas co obxecto de controlar os usos e aproveitamentos de recursos que se realizan no lugar e asegurar que estes se levan a cabo de modo sostible e compatibles cos obxectivos de conservación do espazo protexido.

Trátase, polo tanto, dunha ferramenta de xestión flexible e adaptable, dependente dos obxectivos de conservación que se pretenden alcanzar na zona e das medidas establecidas para o cumprimento de ditos obxectivos. Así, dependendo de si están enfocadas ao aproveitamento sostible dos recursos ou encamiñadas á protección, á conservación e á recuperación da biodiversidade, todas están baseadas nun mesmo concepto integrado de xestión e desde unha perspectiva do espazo mariño. Por iso, na actualidade, a ordenación pesqueira debe ter en consideración os ecosistemas dun modo máis amplo, incluído os seus compoñentes humanos, e promovendo a aplicación de métodos como o enfoque ecosistémico da peca (EEP), co fin de integrar maneiras de protexer os ecosistemas mariños e impulsar a creación de áreas mariñas protexidas (AMP). En consecuencia, as AMP vincúlanse ás pesqueiras pola vía común da ordenación espacial e a través do EEP.

Non obstante, as AMP son na actualidade un asunto moi discutido e a miúdo promovido desde o punto de vista da conservación da biodiversidade. Aínda que os peches zonais e temporais, incluídas as medidas relacionadas ás AMP, teñen unha longa historia na ordenación pesqueira, a súa aplicación no ámbito do EEP e como instrumento para a realización de múltiples obxectivos foron temas menos investigados. A aplicación da ordenación pesqueira segundo o EEP non diminúe a urxencia de lograr a sostibilidade pesqueira. Para as finalidades da ordenación, unhas medidas de ordenación pesqueira executadas eficazmente fornecen mellores efectos que as AMP utilizadas illadamente. Sen embargo, unhas AMP correctamente planificadas e aplicadas producen polo xeral mellores resultados que as medidas de ordenación clásicas imperfectas. Así, as AMP son unha ferramenta que contribúe tanto ao logro da ordenación pesqueira como á realización dos obxectivos de conservación da biodiversidade, e ambas compaxínanse co EEP.<sup>1</sup> Sen embargo, para controlar eficazmente a mortalidade íctica, soe ser necesario que as medidas de ordenación e de conservación se apliquen en combinación con outros métodos de ordenación máis tradicionais.

---

<sup>1</sup> A aplicación do enfoque ecosistémico da pesca como estratexia para o desenvolvemento do sector contribúe á aplicación das disposicións do Código de Conduta para a Pesca Responsable da FAO, impondo deste modo a sostibilidade técnica, ecolóxica, económica e social do sector. O concepto e principios do EEP foron incorporados en varios instrumentos e acordos internacionais. O propio Código basease neles, e as súas raíces pódense encontrar en diversos acordos e instrumentos internacionais: i) a Declaración da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Humano de 1972; ii) a Convención sobre o Dereito do Mar das Nacións Unidas de 1982; iii) a Declaración de Río de Xaneiro e o Programa 21 adoptados pola Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (CNUMAD); iv) Convenio sobre a Diversidade Biolóxica de 1992; e v) Acordo das Nacións Unidas sobre as poboacións de peixes de 1995.

Hai que salientar que, no ámbito da ordenación pesqueira, as vedas zonais e temporais foron designadas como "áreas mariñas protexidas". Con este enfoque da ordenación foi posible mudar as anteriores medidas de ordenación que fracasaron. Polo tanto, acéptase a necesidade de dispor dun enfoque ampliado, integral e ecosistémico da ordenación, comprendidas tanto as súas dimensións humanas como ambientais, que xustifican o recoñecemento dos enfoques ecosistémicos da pesca (EEP). Así, a ordenación pesqueira persigue aproveitar de maneira óptima e sostible o recurso pesqueiro en beneficio da comunidade, ao tempo que se mantén a biodiversidade. Sen embargo, a ordenación pesqueira tradicional susténtase esencialmente na información científica, que é utilizada para elaborar as regras que gobernan a sostibilidade dunha pesqueira.

Así mesmo, gracias á ordenación regúlase o uso que os pescadores fan dos recursos pesqueiros, xa que por medio desta contrólase o índice de mortalidade que xera unha pesqueira. A ordenación ten por obxecto o mantemento dos niveis de abundancia e tamaño e de estrutura de idades da poboación íctica que arrojan os maiores rendementos promedio ou as capturas máis sostibles a longo prazo. Para iso, adóptanse diversas disposicións reguladoras destinadas a controlar o índice de mortalidade dos diferentes grupos de tamaño ou idade da poboación. Este concepto soe chamarse Rendemento Máximo Sostible (RMS). Sen embargo, ao regular o uso dos recursos pesqueiros, tamén é preciso incluír na análise da ordenación a eficiencia económica e as dimensións sociais da pesqueira. Por iso, os tipos de ferramentas da ordenación pesqueira son moi variados, destacando: i) os controis de acceso e límites do esforzo pesqueiro (restricións do número de buques e licencias, de artes e aparellos ou de saídas); ii) os controis do rendemento: límites de capturas, tales como topes de capturas totais permisibles (CTP); iii) as medidas técnicas: restricións do tamaño dos peixes que está permitido capturar; ou limitacións relacionadas co tipo de aparellos permitidos; e iv) as vedas zonais e temporais: zonificación e límites espaciais e temporais de pesca e restricións relacionadas cos aparellos que está permitido utilizar.

Ademais, en canto aos principais sistemas de gobernanza dunha AMP, existe un abanico de sistemas ou enfoques de ordenación destinados á aplicación das AMP, que representan diversos niveis de implicación dos usuarios de recursos e a comunidade: os sistemas ou enfoques centralizados, os sistemas baseados na comunidade, a gobernanza tradicional ou a ordenación en coxestión. A elección do sistema de gobernanza é determinante para a ordenación e aplicación das AMP, e mediante o proceso de planificación deberá establecerse cales son os acordos máis apropiados. A súa vez, no plan de ordenación do AMP débense documentar as características de deseño seleccionadas e as opcións de gobernanza e ordenación da área protexida. A eficacia da AMP é máxima cando se incorporan nos marcos integrados de gobernanza mariña espacial e de ordenación.

Por outra parte, desde unha vertente xurídica, legislativa e normativa, no ámbito internacional, o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB, Río de Xaneiro, 1992), estableceu numerosas recomendacións e resolucións para a protección e a conservación dos ecosistemas mariños. Na mesma liña, o Plan de Aplicación das Decisións do Cumio Mundial de Desenvolvemento Sostible (CMDS, Johannesburgo, 2002)<sup>2</sup> promove a conservación e ordenación dos océanos mediante a adopción de medidas en todos os niveis, incluída a creación de zonas mariñas protexidas de conformidade co dereito internacional e o establecemento de redes.<sup>3</sup> A Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España (RAMPE)

---

<sup>2</sup> Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible, Johannesburgo (Sudáfrica), setembro de 2002.

<sup>3</sup> As definicións máis amplamente aceptadas de AMP son probablemente as formuladas pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) e o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB). Segundo

contribúe a este obxectivo global. Deste modo, a RAMPE achega ao noso país á Rede Global de Áreas Mariñas Protexidas no marco de Nacións Unidas e do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, e serve para cumprir, en parte, as obrigas e os compromisos adquiridos por España como Parte contratante de numerosos acordos, convenios e protocolos no marco internacional e como Estado membro da Unión Europea.

Por outra parte, a sostibilidade dos beneficios sociais require da conservación dunhas poboacións sans mediante unha boa ordenación. Así, foi fundamental a adopción en 1982 da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, como un novo marco para a mellor ordenación dos recursos mariños. Este novo réxime xurídico confire aos Estados costeiros dereitos e responsabilidades respecto da ordenación e utilización dos recursos pesqueiros dentro das zonas baixo a súa xurisdición nacional. En base a isto, o Comité de Pesca (COFI) da FAO recomendou en 1991 que se adoptaran novos enfoques para a ordenación da pesca que comprendera a conservación e os aspectos medioambientais, sociais e económicos. Ademais, solicitouse á FAO que formulara o concepto de pesca responsable e elaborara un código de conducta para fomentar a súa aplicación.

Posteriormente, no Cumio da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, celebrada en Río de Xaneiro, apoiouse a preparación dun Código de Conduta para a Pesca Responsable, de maneira que se interpretase e aplicase de conformidade coas normas do Dereito internacional, tal como sinala a Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar de 10 de decembro de 1982, e outras disposicións como a Declaración de Cancún de 1992 e á Declaración de Río sobre el Medio Ambiente e o Desenvolvemento de 1992, en particular o Capítulo 17 do Programa 21. Finalmente, mediante a resolución 4/95, aprobouse o Código de Conduta para a Pesca Responsable, arroupado por varias orientacións técnicas sobre as áreas mariñas protexidas, entendidas como un suplemento ás Orientacións Técnicas para a Pesca Responsable da FAO: i) a ordenación pesqueira (FAO, 1999); ii) o enfoque de ecosistemas na pesca (FAO, 2003); e iii) as dimensións humanas do enfoque ecosistémico da pesca (FAO, 2010).

Ademais, a FAO organizou en 2008 a Conferencia Mundial sobre a Pesca a Pequena Escala, onde representantes da pesca artesanal, das comunidades indíxenas e das organizacións de apoio ao sector, subscribiron a Declaración de Bangkok sobre Pesca a Pequena Escala. Nela afírmase que os dereitos humanos das comunidades pesqueiras son indivisibles, e que o desenvolvemento dunhas pesqueiras artesanais e sustentables só pode acadarse mediante unha abordaxe integrada dos seus dereitos civís, sociais, económicos e culturais. Posteriormente, en 2009 o Comité de Pesca da FAO (COFI) abordou o tema da pesca artesanal, ou pesca a pequena escala, sobre a que se tomaron varias decisións como o establecemento dun programa de traballo dedicado á pesca a pequena escala, a inclusión dun capítulo consagrado ao tema no Código de Conduta sobre a Pesca Responsable da FAO,

---

a UICN, unha AMP é: *"Calquera área de terreo intermareal ou submareal, xunto coa auga que a cubre e a flora, a fauna, as características históricas e culturais asociadas, que houberan sido reservada por lei ou por outros medios efectivos para protexer todo ou parte do ambiente incluído (Kelleher, 1999)".* Máis recentemente, a UICN formulou unha definición revisada, elaborada no marco da Comisión Mundial de Áreas Protexidas. Esta definición, aplicable tanto ás AMP como ás áreas protexidas terrestres, é a seguinte: *"Unha AMP é un espazo xeográfico claramente definido, recoñecido, dedicado e xestionado, mediante medios legais ou outros tipos de medios eficaces, para conseguir a conservación a longo prazo da natureza e dos seus valores ecosistémicos e os seus valores culturais asociados (Dudley, 2008)".* Finalmente, o Grupo Especial de Expertos Técnicos sobre a biodiversidade mariña do CDB adoptou unha definición similar para as áreas mariñas e costeiras protexidas: *"Unha área mariña e costeira protexida é toda área comprendida dentro dun ambiente mariño ou adxacente a este, xunto coas augas que a cobren e a flora e fauna e os aspectos históricos e culturais asociados que houbera sido reservada por lei ou outros medios efectivos, incluídas as costumes, e cuxo efecto é que a súa biodiversidade mariña ou costeira goza nela dun nivel de protección maior que as zonas que a rodean (CDB, 2004)".*

e a preparación dun Plan de Acción Internacional para a Pesca a Pequena Escala.

A nivel da Unión Europea, o Regulamento (UE) 1380/2013 sobre a Política Pesqueira Común contempla na súa Parte III, Título I, as medidas de conservación e a explotación sostible dos recursos biolóxicos mariños. Por outra parte, o Regulamento (UE) 1241/2019 sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, establece nas seccións 3, 4 e 5 do Capítulo II, a protección de especies e hábitats sensibles, as tallas mínimas de referencia a efectos de conservación e as medidas para reducir os descartes. Por último, cómpre considerar ademais, a Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, relativa a un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (*Directiva marco sobre a estratexia mariña*); a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (*Directiva Hábitat*); a Directiva 2009/147/CE, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (*Directiva Aves*); e a Estratexia da UE sobre biodiversidade 2030 "Reintegrar a natureza nas nosas vidas", adoptada pola Comisión Europea en maio de 2020.

Ademais, a Comisión Europea, co fin de elaborar o Libro Verde sobre a Pesca, brindou en 2009 unha excelente oportunidade para que os pescadores a pequena escala e as comunidades pesqueiras artesanais da UE participen activamente na reforma da Política Pesqueira Común (PPC) presentando os seus puntos de vista. Este documento ven a ser, polo tanto, un reflexo do que dende a súa fundación en 1986, o Colectivo Internacional de Apoio ao Pescador Artesanal (CIAPA- ICSF), defende: *"a pesca con base en comunidades de pequena escala representa a forma máis eficaz de lograr unha pesca caracterizada pola equidade social e económica e a sustentabilidade medioambiental, un obxectivo que non pode alcanzarse a menos que os pescadores se involucren de forma adecuada nun proceso de consulta e de participación activa nos mecanismos de toma de decisións"*.

Así mesmo, representantes da pesca artesanal da UE, de organizacións non gobernamentais, especialistas e investigadores, reuníronse nun seminario celebrado o 28 de setembro de 2009 para participar na elaboración da reforma da PPC da UE e a pesca a pequena escala declarando *"o seu compromiso co uso sustentable dos recursos pesqueiros e medio ambientais así como un trato xusto e un recoñecemento adecuado para que este sector sexa viable, sustentable e cun futuro máis prometedor."* Entre as conclusións dese seminario atópanse algúns dos obxectivos que se pretenden acadar con este documento:

<b>1</b>	Aplicar a cada sector pesqueiro un enfoque diferenciado de xestión que lle permita resolver os seus propios problemas de regulación de xeito que, se un sector necesita reducir a súa capacidade, os demais non se vexan obrigados a perder oportunidades de pesca, de emprego ou outros beneficios noutros sectores máis sustentables.
<b>2</b>	Aplicar o principio de subsidiariedade ao manexo da pesca artesanal, asegurando que os sistemas de xestión da información e de toma de decisións incorporen e se guíen polo coñecemento, a experiencia local e as prácticas recomendables baseadas na experiencia.
<b>3</b>	Dar valor aos coñecementos pesqueiros, ecolóxicos e oceanográficos locais e fomentar a colaboración e o intercambio de información entre pescadores e científicos, a fin de facilitar a toma de decisións informadas no ámbito pesqueiro.
<b>4</b>	Implantar plans de xestión e outras medidas de recuperación dos recursos, como as áreas mariñas protexidas de interese pesqueiro, tomando como punto de partida as boas prácticas xa establecidas, partindo das demandas dos pescadores locais de pequena escala e as súas comunidades, e garantindo a protección dos seus dereitos de acceso. Tales medidas deben deseñarse de xeito que sexa posible facerlles un seguimento dende o punto de vista biolóxico e social, para poder medir a súa eficacia socioeconómica e biolóxica no tempo.

A nivel nacional, a figura de "Área Mariña Protexida" (AMP) foi creada na Lei 42/2007, do 13

de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, como unha das categorías de clasificación de espazos naturais protexidos (artigos 29 e 32). Segundo esta lei, as AMP defínense como "espazos naturais designados para a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, que en razón da súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial". A súa vez, as AMP e outros espazos protexidos no ámbito mariño español, poderán formar parte da RAMPE. Así, os espazos protexidos están definidos e regulados con carácter básico pola dita Lei, que os agrupa en tres tipos distintos, atendendo aos seus respectivos marcos xurídicos de orixe: i) Espazos Naturais Protexidos; ii) Espazos protexidos Rede Natura 2000; e iii) Áreas protexidas por instrumentos internacionais.

Adicionalmente, cómpre ter conta o Marco Mundial para a Biodiversidade para 2030 aprobado polo Convenio de Diversidade Biolóxica, a "Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030: traer a natureza de volta as nosas vidas", e o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade a 2030, aprobado mediante Real Decreto 1057/2022, de 27 de decembro, polo que se aproba o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade a 2030, en aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

A nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 9 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, sobre medidas de protección e rexeneración, sinala que a Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de pesca, establecerá áreas mariñas pesqueiras protexidas coa finalidade de preservar o medio no que se desenvolven os recursos mariños. Pola súa parte, o artigo 12, sobre reservas mariñas, establece que se consideran reservas mariñas "aquelas zonas de especial interese para a preservación e rexeneración dos recursos mariños e os ecosistemas mariños que os sustentan, que presentan condicións diferenciadas para o crecemento e permanencia dos recursos pesqueiros pola súa condición de áreas de reprodución, desove, cría ou engorde de especies de interese pesqueiro ou marisqueiro". Na norma de declaración determinarase como mínimo a delimitación xeográfica da zona de reserva e as restricións ou prohibicións no exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira, ou calquera outra que afecte directamente á finalidade pretendida coa declaración. Ademais, os apartados 3 e 4 do mencionado artigo 12, indican que, nas augas interiores dos espazos naturais protexidos, as limitacións ou prohibicións da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola serán fixadas pola consellería competente en materia de pesca de conformidade coa lexislación que sexa de aplicación, previa consulta ao sector e tendo en conta os factores económicos que concorran.

Finalmente, e en base a todo o exposto, a ordenación pesqueira moderna engloba máis elementos ecosistémicos que os que recollía a ordenación pesqueira unha década atrás. Esta transformación na que o EEP é unha práctica cuxo desenvolvemento constitúe un feito do tempo presente, indica claramente que é a ordenación tradicional o aspecto que está mudando. De acordo con isto, a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" (en adiante, REMIP) susténtase no paradigma dunha ordenación tradicional, espacial e adaptativa, en base ao enfoque de xestión ecosistémico da pesca e na gobernanza pesqueira baseada na coxestión.

## **2. MARCO XURÍDICO, INSTUCIONAL E NORMATIVO**

Para que a REMIP poda render bo resultado é necesario que existan uns marcos xurídicos, institucionais e normativos que lle brinden apoio. A reserva é unha ferramenta coa que é posible realizar determinados obxectivos, e a súa eficacia é máxima cando están integradas nos marcos de gobernanza marítima e de ordenación espacial. A boa gobernanza, entendida como a participación dos interesados— é o elemento clave para o éxito dunha ordenación que produce resultados válidos e equitativos. Polo tanto, cómpre delimitar os marcos xurídicos, institucionais e normativos, e os requisitos conexos para a planificación e aplicación da REMIP. Ademais, os marcos relativos á dita Reserva son estruturas que deben evolucionar e adaptarse no tempo.

A existencia dun marco xurídico e institucional apropiado lexitima a eficacia á utilización da Reserva como ferramenta de ordenación pesqueira e conservación da biodiversidade. O éxito constitúe a posibilidade da súa aplicación eficaz. O marco xurídico constituído polas leis e regulamentos definen os dereitos, responsabilidades, opcións e restricións que se aplican a todas as partes afectadas, e constitúe o cimento para protexer e dar cumprimento aos dereitos e responsabilidades. Polo tanto, é fundamental que a lexislación poda ser aplicada e se dispoña de recursos suficientes para que as estruturas institucionais podan funcionar eficazmente.

Existen instrumentos vinculantes (leis con forza obrigatoria) e acordos voluntarios (leis sen forza obrigatoria). O dereito marítimo internacional, encarnado esencialmente na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, distingue entre as áreas mariñas baixo control nacional e as áreas mariñas situadas mais alá da zona mariña controlada por un único país. Os instrumentos xurídicos sen forza obrigatoria comprenden os códigos voluntarios de conducta e as disposicións sen carácter obrigatorio. Con frecuencia, os instrumentos voluntarios deixan espazo para recomendacións de alcance mais amplo que as leis con forza obrigatoria e poden, polo tanto, ofrecer orientacións complementarias. Entre os instrumentos sen forza obrigatoria importantes que se refiren á pesca está o Código de Conducta para a Pesca Responsable e os seus plans de acción internacionais.

Ante un mundo cada vez máis globalizado, os instrumentos internacionais están incorporados á lexislación comunitaria, nacional e autonómica susceptible de ser aplicada e harmonizada coas prioridades nacionais e autonómicas e as metas do desenvolvemento sostible, tomando en consideración os aspectos ambientais e humanos. Na Unión Europea, con arranxo ao estipulado no Programa Natura 2000, as AMP destinadas á conservación da biodiversidade mariña son responsabilidade dos Estados membros, mentres que a ordenación pesqueira en augas mariñas da Unión cae baixo o ámbito de competencia da PPC, que é gobernada polas institucións europeas.

Considerando a actual tendencia a descentralizar as actividades de ordenación dos recursos pesqueiros e a énfase que se da á participación dos interesados, a lexislación autonómica proporciona apoio en base aos mecanismos de coxestión. Polo tanto, a REMIP ordénase con arranxo ao sistema de gobernanza baseado na coxestión. O compartir responsabilidades e adoptar decisións colexiadas é amplamente recoñecida como fonte de beneficios. Por conseguinte, o procedemento de planificación da REMIP está apoiado por estruturas xurídicas, institucionais e normativas apropiadas.

En consecuencia, a REMIP dispón dun marco de ordenación pesqueira tradicional, espacial e adaptativa, así como dun marco para a conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos pesqueiros. Deste modo, a estrutura xurídica e institucional permite lograr

beneficios variados, e proporciona incentivos de orde ambiental, económico e social, á vez que se apoia en diversos instrumentos e acordos internacionais, tanto vinculantes como non vinculantes, harmonizados coa lexislación nacional e autonómica.

En conclusión, os principais instrumentos a nivel internacional, comunitario, nacional e autonómico, relacionados coa reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", son os seguintes:

<b>Instrumentos internacionais</b>	
1	Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar do 10 de decembro de 1982.
2	Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB), 1992.
3	Marco global sobre biodiversidade Kunming-Montreal adoptado na COP-15 do dito Convenio.
4	Convenio internacional para prever a contaminación polos buques (1973), modificado polo Convenio internacional de 1978 e as resolucións aprobadas pola Organización Marítima Internacional (OMI).
5	Convención relativa aos humidais de importancia internacional (Convención de RAMSAR).
6	Código de Conduta para a Pesca Responsable de 1995 e os plans de acción internacional (FAO).
7	Declaración de Río sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, e o Programa 21 da CNUMAD, 1992.
8	Declaración da Conferencia Internacional de Pesca Responsable (Declaración de Cancún), 1992.
9	Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible e o seu Plan de aplicación (Nacións Unidas), 2002.
<b>Unión Europea</b>	
1	Regulamento (UE) 1380/2013 sobre a Política Pesqueira Común.
2	Regulamento (UE) 2019/1241 sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas.
3	Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de xuño de 2008 pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño ( <i>Directiva marco sobre a estratexia mariña</i> ).
4	Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres ( <i>Directiva Hábitat</i> ).
5	Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres ( <i>Directiva Aves</i> ).
6	Estratexia da Unión Europea sobre biodiversidade 2030 "Reintegrar a natureza nas nosas vidas", adoptada pola Comisión Europea en maio de 2020.
<b>Nacional</b>	
1	Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2	Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.
3	Real Decreto 1057/2022, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade a 2030, en aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
4	Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade para o 2030.
<b>Comunidade Autónoma de Galicia</b>	
1	Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
2	Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
3	Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.
4	Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.
6	Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

### **3. RESERVA MARIÑA "RÍA DE CEDEIRA"**

As reservas mariñas de interese pesqueiro (REMIP) constitúen unha ferramenta específica de xestión encamiñada a lograr unha explotación sustentable dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas en áreas delimitadas de caladoiros tradicionais. Evidencias científicas amosan que este tipo de áreas mariñas protexidas non son tan só poderosas ferramentas para a conservación da diversidade biolóxica salvagardando a integridade dos ecosistemas, senón que tamén ofrecen, baixo a aplicación dun axeitado deseño, xestión e control, o tan necesario pulo para as pesqueiras e a súa sustentabilidade en que deben involucrarse desde o inicio os propios pescadores coa súa participación na toma de decisións, comprometéndose non só co medio mariño, senón tamén coa administración e coa sociedade en xeral.

Neste senso están recollidas como figuras de protección pola UICN na categoría VI "Áreas protexidas con Recursos Manexados", e encaixan perfectamente coas recomendacións dos máximos organismos internacionais; caso da FAO.

Esta figura de protección presenta evidentes beneficios:

<b>1</b>	Amosan un incremento da biomasa de peixes: os exemplares acadan maior tamaño, o cal tradúcese nun incremento da cantidade e viabilidade das postas. Un dos seus efectos é o de recuperar a diversidade biolóxica e a estrutura de poboacións e comunidades.
<b>2</b>	Co tempo constitúense en áreas de dispersión de exemplares cara ás augas adxacentes, rexistrándose un aumento das capturas por unidade de esforzo nos límites das reservas.
<b>3</b>	Constitúen un "seguro" contra a incerteza ao brindar unha maior capacidade de predición de pesca.
<b>4</b>	O sector pesqueiro recupera e revaloriza a súa imaxe e a dos seus produtos ante os consumidores.
<b>5</b>	Concilian o desenvolvemento económico co respecto ás especies e ecosistemas mediante unha explotación razoable dos recursos mariños e pesqueiros.

A idea do establecemento dunha área mariña protexida como ferramenta de cambio cara a unha pesca sostible e de calidade, naceu coa participación da Confraría de Cedeira no Proxecto Serea (2006-2008), cofinanciado polo Fondo Social Europeo en virtude do artigo 6: "Enfoques innovadores na Xestión do Cambio". "Ría de Cedeira" é a segunda REMIP de Galicia e está integrada no LIC Costa Ártabra da Rede Natura 2000.

Facendo balance observamos a progresión positiva da evolución dos principais recursos pesqueiros, cun incremento tanto nas capturas como nos seus tamaños en algunhas das especies clave das nosas pesqueiras; grazas a unha pesca sostible e responsable, unha pesca selectiva, que non produce descartes, non causa danos ós ecosistemas mariños, contribuíndo á xestión sostible e integral das zonas costeiras, proporcionando valor engadido ás actividades relacionadas coa pesca e promovendo a diversificación.

Facer notar que o actual sistema de COXESTIÓN, no que existe unha estreita colaboración entre a administración galega e os propios actores sectoriais, é un dos piares fundamentais na xestión desta Reserva Mariña. Os profesionais da pesca reúnen, comentan os seus hábitos de pesca, identifican as boas e malas prácticas, os beneficios obtidos derivados da súa xestión e comprométese cá súa actividade. Nas súas propostas para o plan de xestión anual demostran un alto grado de responsabilidade e compromiso: establecendo novas

zonas de veda para cría de especies e aumentando as tallas mínimas de captura, nalgúns casos ata do 100%. Neste proceso foi fundamental o desexo de preservar un espazo natural de riqueza pesqueira ancestral que estaba vendo como, pouco a pouco, diminuía a súa capacidade produtiva e a idea de coidar e protexer o mar do que vivimos para que tamén poidan vivir del os nosos fillos.

A creación da REMIP "Ría de Cedeira" foi o impulso que os gobernantes locais necesitaban para a definitiva construción e posta en marcha da depuradora de augas residuais; feito que indubidablemente supuxo unha mellora na calidade das augas e polo tanto nas zonas de pesca e que se demostra no paso de zona clasificada como B a zona A e de zona C a B estable para a produción de moluscos bivalvos. Na actualidade, a ría de Cedeira divídese para a clasificación microbiolóxica en dúas zonas de produción: O GAL 02/04 Parte externa da ría de Cedeira e o GAL 02/05 Parte interna da ría de Cedeira coa clasificación: B estable e B provisional, respectivamente. Esta clasificación é permanentemente actualizada na web do INTECMAR ([www.intecmar.gal](http://www.intecmar.gal)) baixo o protocolo de seguimento microbiolóxico das zonas de produción marisqueira de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2006 e as súas modificacións posteriores. Todo isto, impulsou o nacemento de asociacións culturais e deportivas que organizan numerosas actividades para nenos e adultos sempre relacionadas coa reserva mariña: actividades de pesca deportiva sostible, deportes náuticos e visitas guiadas.

Coa creación desta reserva, Galicia segue no camiño de fomentar a protección do medio ambiente e dos recursos naturais, así como de promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas zonas marítimas, lacustres e costeiras onde se exercen actividades de pesca e marisqueo, en concordancia cós obxectivos definidos polo Fondo Europeo de Pesca, hoxe en día Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, así como coa Política Pesqueira Común.

Cabe dicir que os indicadores analizados ano a ano van na dirección axeitada polo que se aconsella non modificar demasiado o Plan de Xestión respecto de anos anteriores para seguir no camiño correcto.

A reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" tivo o seu reflexo normativo no Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", no que quedan definidos os elementos esenciais que van determinar o funcionamento da reserva, co obxecto de proporcionar unha ferramenta de xestión que asegure o uso sustentable dos recursos no entorno do ecosistema mariño, e cunha filosofía de participación do sector pesqueiro. En consecuencia, a ferramenta de xestión recóllese na dita normativa autonómica e, segundo o artigo 7 do dito Decreto, establece que o réxime de xestión desenvolverase no marco dun Plan de Xestión que trate de forma conxunta e integrada todos os recursos mariños da zona delimitada pola REMIP.

Para asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no decreto de creación da reserva, constitúese un órgano colexiado para a xestión, seguimento e control (en adiante, OXESCO). Na composición deste órgano vese representado polo 50% dos pescadores artesanais e o outro 50% por representantes da Administración, sen prexuízo de que nel participen, en función dos temas a tratar, outros actores que se poidan ver implicados na propia xestión da REMIP (técnicos, seguimento científico, etc.).

Por outra parte, a REMIP é unha reserva mariña de interese pesqueiro, entendida como unha área mariña na que se aplican sistemas de xestión e ordenación pesqueira baseados nun modelo de explotación sostible, de xeito que se garanta a pesca e a preservación dos recursos e dos hábitats, harmonizando os intereses dos diversos usuarios. Esta figura de protección e xestión queda sometida a un réxime específico de usos permitidos e condicións de acceso. Como resultado disto, as medidas de protección na REMIP están tendo resultados positivos sobre as poboacións de peixes de interese pesqueiro, polo que está beneficiando á economía local e potencia os beneficios xerados pola actividade pesqueira.

Por último, as características esenciais do modelo de xestión da reserva mariña “Ría de Cedeira”, son as que a continuación se indican:

<b>1</b>	<i>Categoría da área protexida:</i> VI Área protexida que se ordena principalmente para o uso sostible dos ecosistemas naturais (área protexida de recursos xestionados). <sup>4</sup>
<b>2</b>	<i>Modelo de xestión:</i> Ordenación tradicional, espacial e adaptativa baseada no EEP.
<b>3</b>	<i>Modelo de gobernanza:</i> coxestión.
<b>4</b>	<i>Vixencia do plan integral:</i> 3 anos (2024, 2025 e 2026).
<b>5</b>	<i>Tipo de reserva:</i> Reserva mariña de interese pesqueiro (REMIP).

## 4. MARCO XERAL DE REGULACIÓN DA RESERVA

### 4.1. Metas e obxectivos do Plan de xestión integral (PXI)

Con carácter xeral, para que as metas e os obxectivos asignados á REMIP podan lograrse é necesario crear sistemas de seguimento e avaliación. Para iso, a REMIP necesita ser obxecto dun deseño de planificación a través do Plan de Xestión Integral, que integre determinadas decisións relacionadas coas medidas de ordenación, tales como: o lugar de emprazamento da reserva; a súa localización; as dimensións da área protexida; os seus límites; as actividades permitidas no seu interior; as medidas de gobernanza; e a determinación do enfoque de ordenación preferido e apoiado polo marco normativo e legislativo.

Por outra parte, as actividades pesqueiras e marisqueiras que se levan a cabo no ámbito da REMIP “Ría de Cedeira”, desenvólvense no marco do presente plan de xestión integral (en adiante PXI), no que quedan recollidas as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e das zonas dentro da reserva.

Polo tanto, o PXI contribúe ao logro das metas seguintes:<sup>5</sup>

<b>1</b>	<b>Metas biolóxicas e ecolóxicas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sostemento ou protección dos recursos pesqueiros;</li> <li>• Protección da diversidade biolóxica;</li> <li>• Protección de cada unha das especies;</li> <li>• Protección do hábitat.</li> </ul>
<b>2</b>	<b>Metas sociais e económicas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomento da seguridade alimentaria;</li> <li>• Mellora dos medios de vida;</li> <li>• Provisión de beneficios non monetarios para a sociedade;</li> </ul>

<sup>4</sup> UICN, 1994.

<sup>5</sup> En base ao sinalado en Pomeroy, Parks e Watson, 2004.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Distribución equitativa dos beneficios que derivan da REMIP;</li> <li>• Compatibilidade máxima entre as intervencións de ordenación e a cultura local;</li> <li>• Concienciación e aumento dos coñecementos medioambientais.</li> </ul>
<b>3</b>	<p><b>Metas de gobernanza:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mantemento de estruturas e estratexias de xestión eficaces;</li> <li>• Mantemento de estruturas xurídicas e de xestión eficaces;</li> <li>• Participación e representatividade efectiva dos interesados;</li> <li>• Cumprimento do plan de ordenación polos usuarios dos recursos;</li> <li>• Ordenación espacial e adaptativa.</li> </ul>

Conforme as metas sinaladas, o PXI persegue os seguintes obxectivos:

Nº	Obxectivo
1	Protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros.
2	Impulsar a pesca artesanal e o marisqueo a través de medidas encamiñadas a acadar unhas actividades profesionais responsables e sustentables.
3	Conservar e protexer a flora e fauna do medio mariño e a súa diversidade.
4	Fomentar a sensibilización ambiental sobre o medio mariño.
5	Divulgar os valores pesqueiros e ambientais da costa galega.
6	Facilitar a investigación científica e o monitoreo ambiental sobre as medidas de protección dos recursos, a xestión das pesqueiras e o uso sostible dos recursos pesqueiros.
7	Posibilitar e favorecer o desenvolvemento e a aplicación de modelos de xestión pesqueira coa participación dos profesionais da pesca e do marisqueo.
8	Promover o uso dos recursos considerando as dimensións ecolóxica, económica e social.
9	Promover beneficios sociais e económicos para as comunidades locais.
10	Facilitar a seguridade interxeneracional dos medios de vida das comunidades locais, garantindo que os medios de vida sexan sostibles.
11	Integrar enfoques culturais dentro dos enfoques sociais e económicos de conservación do medio mariño.
12	Facilitar o uso dun turismo adecuado a pequena escala.

## 4.2. Elaboración, aprobación e modificación do Plan de xestión integral

### 4.2.1. Elaboración e aprobación

O PXI deberá ser presentado cunha anticipación mínima de tres meses á finalización do PXI anterior.

1	Este PXI xorde dun documento-proposta inicial elaborado polos socios da confraría de pescadores de Cedeira, e con base nas reunións mantidas cos distintos sectores produtivos cuxas actividades desenvolvéronse habitualmente no ámbito da reserva "Ría de Cedeira" durante todo o ano 2023.
2	A consulta do documento cos usuarios da reserva fíxose mediante convocatoria, da coordinación da REMIP, de asembleas dos distintos sectores de produción, de todos os usuarios (anexo V).
3	<p>A coordinación da reserva envía ao órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco) a proposta do PXI.</p> <p>A confraría de pescadores remitiu dúas copias da proposta do PXI; unha á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e outra á Dirección de Desenvolvemento Pesqueiro.</p>
4	O presidente do Oxesco convoca ao órgano para debater o PXI. O Oxesco réunese e á vista dos informes técnicos e tralas deliberacións oportunas emite informe sobre a proposta presentada.

<b>5</b>	O Oxesco remite informe á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
<b>6</b>	A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica aproba o PXI.
<b>7</b>	Unha vez aprobado, daráselle publicidade ao PXI para coñecemento dos usuarios e da cidadanía.

#### **4.2.2. Modificación**

Toda proposta de modificación deste plan deberá trasladarse ao Oxesco, cuxos membros, unha vez informados, poderán solicitar a convocatoria do órgano, se así o consideran pola transcendencia da modificación proposta. Así, como regra xeral:

<b>1</b>	Remisión das propostas de modificación á coordinación da REMIP.
<b>2</b>	A coordinación da reserva remitirá ditas propostas, xunto coa valoración do seguimento científico, á secretaría do Oxesco.
<b>3</b>	A secretaría do Oxesco enviará as propostas aos diferentes membros do órgano.
<b>4</b>	Os vogais do órgano remitirán a súa contestación á secretaría do Oxesco, que as fará chegar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para que se dite a resolución que corresponda, de ser o caso, ou se convoque ao órgano de xestión.

#### **4.3. Vixencia do PXI**

O Plan de Xestión Integral terá vixencia plurianual dende 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro 2026.

A vixencia do plan coincide coa vixencia plurianual establecida para o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026, establecida pola Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 (DOG número 246, do 29.12.2024). Non obstante, para o caso do marisqueo de recursos específicos aterase ao establecido na Orde do 22 de decembro de 2021 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, así como a ulterior regulación destes recursos para os subseguintes anos.

Non obstante, durante a vixencia deste Plan, calquera modificación e/ou actualización será discutida en convocatoria extraordinaria no Oxesco e aterase ao establecido no punto 4.2.2 deste Plan.

A súa renovación será discutida na convocatoria ordinaria do Oxesco que coincida co final do período de vixencia do plan en curso, podéndose prorrogar automaticamente, de ser o caso, ata a seguinte convocatoria do órgano.

Cando non exista ningunha proposta presentada, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica poderá aprobar de oficio, logo do informe do Oxesco, un plan de xestión integral.

#### **4.4. Órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO)**

##### **4.4.1. Composición e funcións**

A súa composición e funcións son as recollidas no artigo 10 do Decreto 28/2009 do 29 de xaneiro polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira; así como no artigo 2 da Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

Estará constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca, que procurará unha participación equilibrada de homes e mulleres: tres en representación da consellería competente en materia de pesca, un en representación da consellería competente en materia de medio ambiente, tres en representación da confraría de Pescadores de Cedeira e un en representación do sector pesqueiro por proposta da Federación Galega de Confrarías.

A consellería competente en materia de pesca designará a presidencia e a secretaría do Oxesco entre os representantes da administración.

O órgano de xestión poderá incorporar ás súas reunións persoal asesor para informe e debate dos asuntos que se consideren oportunos.

#### **4.5. A coordinación da reserva e as súas funcións**

Á coordinación correspóndelle á confraría de pescadores de Cedeira, que é a responsable de organizar o traballo diario dos equipos de seguimento científico, de dar a información necesaria á vixilancia e de control de todas as actividades que se desenvolvan no ámbito da reserva.

As funcións de coordinación da REMIP "Ría de Cedeira" realízalas a Asistencia Técnica. Ademais, ten encomendadas as seguintes funcións:

<b>1</b>	Elaborar e presentar o PXI, que se fará conforme ao establecido na normativa reguladora e ás instrucións que poidan ditar ao respecto tanto a Consellería do Mar como o Oxesco;
<b>2</b>	Elaborar o informe anual sobre a REMIP, para que, unha vez informado polo Oxesco sexa difundido ao sector, institucións e entidades interesadas para o seu coñecemento;
<b>3</b>	Prestar asistencia técnica nas reunións do Oxesco da reserva.
<b>4</b>	Garantir a recollida e envío de mostraxes relativas ao estado sanitario das augas e especies marisqueiras ao Intecmar.
<b>5</b>	Asegurar o correcto funcionamento dos diferentes puntos de control.

No caso dos recursos para os que existen plans de xestión aprobados xestionaranse baixo as condicións establecidos neles.

### **5. A ORDENACIÓN TRADICIONAL, ESPACIAL E ADAPTATIVA DA REMIP**

#### **5.1. A ordenación tradicional e modelo adecuado para a REMIP**

Está plenamente recoñecido que os sistemas clásicos ou tradicionais de ordenación non logran evitar que se produzan ineficiencias reguladoras por causas como a insuficiente calidade dos datos necesarios, un inadecuado modelo de avaliación, ou a necesidade dunha mellor tradución das recomendacións biolóxicas sobre o estado dos stocks a medidas concretas de ordenación. Polo tanto, fronte ás aproximacións clásicas ou tradicionais cada vez toman máis forza como medidas de ordenación e xestión de pesqueiras a creación de zonas de reserva de pesca baseadas na aplicación de modelos de ordenación adicionais máis eficaces. Por iso, o plan de ordenación da REMIP trata de documentar as características de deseño seleccionadas e as opcións de gobernanza e ordenación da área protexida, á vez que describe os acordos de aplicación e administración pertinentes e as responsabilidades.

Neste sentido, a eficacia do modelo de xestión para a REMIP é máxima cando o seu Plan de xestión incorpora, ademais das medidas de ordenación tradicionais, aquelas medidas de ordenación adicionais formadas por un marco integrado de gobernanza mariña espacial, por unha ordenación adaptativa e por unha gobernanza compartida a través da coxestión.

## **5.2. Ordenación espacial mariña e a ordenación adaptativa**

### **5.2.1. Ordenación espacial**

O marco de ordenación espacial mariña da REMIP está sustentado nun mecanismo de ordenación estratéxica que permite adquirir unha visión de conxunto sobre os efectos acumulativos das actividades humanas e a protección mariña, así como o manexo dos conflitos actuais e potenciais relacionados co uso do ambiente mariño na zona. A planificación é un tipo de ordenación integrada que representa unha vía práctica para racionalizar, de maneira aberta e planificada, o uso do espazo mariño da REMIP. Trátase dun "*proceso de análise e asignación distributiva espacial e temporal das actividades humanas nas áreas mariñas co propósito de lograr obxectivos ecolóxicos, económicos e sociais*". A planificación espacial adopta enfoques intersectoriais holísticos para o establecemento do plan e a regulación da zonificación.

En conclusión, o marco de ordenación espacial da REMIP deséñase e aplícase a escala rexional e local, e as súas principais características son:

<b>1</b>	<i>Ten unha base ecosistémica:</i> equilibra metas e obxectivos biolóxicos, ecolóxicos, económicos e sociais co propósito de lograr o desenvolvemento sostible.
<b>2</b>	<i>É de natureza integral:</i> transcende aos sectores, aos organismos e as instancias gobernamentais.
<b>3</b>	<i>É privativo dunha área:</i> a súa perspectiva é a adxudicación e o uso do espazo.
<b>4</b>	<i>É adaptativo:</i> o proceso de aprendizaxe a que da lugar fundaméntase na experiencia.
<b>5</b>	<i>É estratéxico e anticipatorio:</i> o seu enfoque é de longo prazo.
<b>6</b>	<i>É de índole participativa:</i> asegura unha participación activa dos interesados (coxestión).

### **5.2.2. Ordenación adaptativa**

A ordenación adaptativa subxace da avaliación da eficacia da xestión, cuxa eficiencia da xestión pode intensificarse aplicando os métodos deste tipo de ordenación. A ordenación adaptativa é un proceso cíclico que consiste en probar sistematicamente as suposicións, adquirir coñecementos derivados da avaliación das probas e revisar e mellorar novamente as prácticas de ordenación. Os resultados obtidos gracias á ordenación adaptativa fan que as metas e obxectivos que se buscan lograr mediante a aplicación da REMIP se alcancen máis rapidamente.

Polo tanto, os modelos de ordenación tradicionais soen adoptar medidas estáticas no tempo. Sen embargo, o sistema mariño e costeiro e as comunidades que dependen da reserva cambian continuamente. Así, a eficacia da REMIP será máxima cando as actuacións de ordenación que se realizan dentro da área protexida teñan en conta estas condicións cambiantes. Os cambios están referidos ao ambiente e a dimensión humana (social, económica e de gobernanza). Ademais, o alcance dos cambios que resulten da aplicación na REMIP constataranse no propio emprazamento e nas inmediacións da área protexida. Polo tanto, esta forma de ordenación supón a participación e involucra aos pescadores e a outros interesados, a adoptar un papel neste proceso como socios xestores. Polo tanto, segue un

enfoque flexible e estruturado, aproveitando o saber local tradicional ademais dos datos científicos. Isto é particularmente importante en tempos de cambio, trátase de variacións climáticas ou do esgotamento dos recursos.

Por último, a ordenación adaptativa para a REMIP é un procedemento indispensable para todas as situacións pesqueiras, desde as actuacións administrativas descendentes (como a revisión periódica dos límites da dita Reserva, ou as zonas e réximes de ordenación) ata as emendas informais, de índole mais ascendente, efectuadas polos principais interesados e administradores. Dita ordenación é particularmente importante cando a información dispoñible é limitada. Polo tanto, a aprendizaxe e a adaptación son o fundamento da ordenación adaptativa, e os seus resultados baséanse na ensinanza, na retroinformación e na provisión progresiva de coñecementos.<sup>6</sup> En conclusión, a ordenación adaptativa eficaz para a REMIP pretende aprender da experiencia adaptando as decisións e ás prácticas.

### 5.3. Enfoque ecosistémico da pesca (EEP)

A ordenación pesqueira moderna engloba máis elementos ecosistémicos que os que contempla a ordenación pesqueira tradicional ou ordinaria. O ritmo de transformación varía segundo diversas situacións, pero é a ordenación tradicional a que está mudando. Polo tanto, a aportación do EEP á REMIP, a través dunha ordenación espacial e adaptativa, representa unha fonte sostible de beneficios, tales como os que a continuación se indican:

1	Control da mortalidade de individuos en situacións de escaseza de datos estatísticos.
2	Asesoramento para a ordenación das pesqueiras que buscan especies múltiples.
3	Redución ao mínimo das capturas incidentais.
4	Protección do hábitat e da biodiversidade.
5	Protección contra a incerteza.
6	Delegación de responsabilidades ou de tarefas relacionadas coa ordenación. Gracias á coxestión é posible distribuír as responsabilidades de ordenación entre a Administración autonómica e a Oxesco.
7	Protección dos dereitos e prácticas de uso e as actividades vinculadas coa cultura tradicional.
8	Protección e consolidación dos medios de vida locais.
9	Resolución de conflitos de uso.

### 5.4. Actuacións previstas para a REMIP durante o período de vixencia (2024-26)

Os cambios e as actuacións previstas durante o período de vixencia do PXI son as que se indican no seguinte cadro.

1	Incorporar a ordenación espacial e adaptativa na REMIP, segundo o indicado no punto 5.2.
2	Incorporar o EEP na REMIP, segundo o indicado no punto 5.3.
3	Integrar a categoría VI da UICN, "área protexida con uso sostible dos recursos naturais". <sup>7</sup>

<sup>6</sup> Podemos ver FAO, 2003 onde se estudan os factores que xustifican o uso deste procedemento.

<sup>7</sup> A área protexida de categoría VI conserva ecosistemas e hábitats, xunto cos valores culturais e os sistemas tradicionais de xestión de recursos naturais asociados a eles. Os seus trazos distintivos son singulares dentro do sistema de categorías da UICN, ao ter un uso sostible dos recursos naturais como medio para conseguir a conservación da natureza. O obxectivo da REMIP dentro da categoría VI é conservar ecosistemas e hábitats xunto cos valores culturais e sistemas de xestión de recursos naturais asociados a eles. En xeral, a UICN recomenda que unha parte da área se manteña en condicións naturais. A protección dos ecosistemas naturais e o fomento do uso sostible teñen que estar integradas e beneficiarse mutuamente. Ademais, tamén é necesario desenvolver formas de gobernanza adecuadas nas que a miúdo existe unha multitude de actores implicados. A conservación da REMIP afecta a un grupo de axentes moi diversos, e require acordos institucionais e enfoques innovadores de gobernanza. Por último, é necesario que tanto a Oxesco como a Administración

4	Aplicación plurianual do PXI a tres anos (2024-26), en base ao establecido no punto 3 do artigo 7 do decreto 28/2009, do 29 de xaneiro.
5	Modificación das disposicións normativas reguladoras da REMIP. En concreto, o Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira; e a Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, sobre todo, no referido a simplificación administrativa do censo específico de titulares de permisos que habiliten para exercer a actividade pesqueira e marisqueira.
6	Implantación e uso da aplicación informática MOVVIC.
7	Deseño de software específico de xestión e avaliación da REMIP.
9	Deseño e creación dunha marca específica de calidade para a reserva mariña.
10	Fomento e desenvolvemento da capacitación técnica en materia de <i>seguimento, avaliación e xestión espacial, adaptativa e ecosistémica</i> para os usuarios (flota pesqueira) e xestores (Oxesco), mediante programas de formación que reforcen as capacidades interdisciplinarias.
11	Fomento da comunicación <sup>8</sup> , concienciación e da información <sup>9</sup> relacionada coa REMIP.
12	Realización de estudos, investigacións e recollida de datos en base a un sistema de seguimento e avaliación para asegurar que as metas e os obxectivos das REMIP podan ser logrados. <sup>10</sup> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O <i>sistema de seguimento</i> estará baseado en indicadores que permitan coñecer con exactitude os acontecementos potenciais, e ter en conta eventuais variacións na xestión ou nas accións de mitigación, segundo o caso.<sup>11</sup> O seguimento participativo que involucre a usuarios de recursos e suxeitos distintos dos investigadores que interveñen na recolección de datos, axuda a intensificar a toma de conciencia, mellorar a ordenación dos recursos e fomentar a transparencia da xestión e os procedementos de aplicación.<sup>12</sup></li> </ul>

autonómica desenvolvan novas capacidades e ferramentas para abordar os novos retos que xorden da planificación, seguimento e xestión da REMIP mediante usos sostibles.

<sup>8</sup> A comunicación relacionada coa REMIP permite: i) informar aos usuarios dos recursos das regras e regulacións que especifican as actividades que están prohibidas na dita área, a tramitación de permisos de explotación, etc.; ii) explicar aos interesados a importancia e as razóns do uso das ferramentas de ordenación espacial e adaptativa e os seus propósitos (conservación da biodiversidade, ordenación pesqueira, etc.); iii) implicar aos interesados na ordenación da REMIP segundo sexa apropiado ou requirido; iv) mellorar os coñecementos sobre os problemas que poden xurdir da REMIP, incluída a pesca; e v) sensibilizar ao público e promover o apoio para a aplicación da REMIP, a nivel rexional e local

<sup>9</sup> A información necesaria para a REMIP é similar á que se require para o EEP, pero é nos datos espaciais onde é preciso analizar en maior profundidade. En xeral, unha información de calidade mellora o proceso de ordenación. Así, recollendo toda a información dispoñible xerará unha conduta mais beneficiosa para as pesqueiras, os ecosistemas e o entorno mariño que a inacción en espera ata dispor de mais datos.

<sup>10</sup> Para asegurar que as metas e obxectivos da REMIP podan ser logrados cómpre establecer sistemas de seguimento e avaliación. Así, co sistema de seguimento identifícanse os cambios nas variables bioecolóxicas e socioeconómicas asociadas coa REMIP. O dito seguimento tamén é útil para coñecer se os mecanismos de xestión permitiron realizar os resultados propostos. Para iso, recórrese a indicadores cos cales se comprobán a estrutura administrativa e os procedementos. Así, os xestores da Oxesco poderán valorar en que medida se están cumprindo os obxectivos da REMIP (efectividade da xestión), e estimar a calidade dos procedementos que se aplicaron para lograr os resultados esperados (eficiencia da xestión)

<sup>11</sup> En determinados traballos chegaronse a analizar a posibilidade de referir a razón de densidade pesqueira anual no exterior dunha reserva mariña de extracción prohibida á densidade no interior co fin de establecer unha norma de control e coñecer a dirección e magnitude do cambio no esforzo pesqueiro ou nas capturas permisibles durante o ano seguinte. Esta metodoloxía, baseada en indicadores simples para a dedución de medidas de ordenación pesqueira directas, podería ter maiores aplicacións no futuro, en particular en situacións en que se dispoñen de poucos datos. Vid. *Babcock y McCall, en revisión; McGilliard et al., 2010.*

<sup>12</sup> O sistema de seguimento robustos inclúen indicadores fidedignos do rendemento e datos de referencia. Así, unha correcta definición dos indicadores e datos de referencia é fundamental para rastrear o rendemento da REMIP, xa que posibilita efectuar axustes na ordenación segundo sexa necesario. Os indicadores do seguimento dos efectos biolóxicos e ecolóxicos da REMIP poden consistir en medicións dos cambios relativos da densidade pesqueira, índices de captura, composición das poboacións e outras características similares.

	- O <u>sistema de avaliación</u> <sup>13</sup> deberá emprender as seguintes liñas de investigación: i) <u>Avaliación biolóxica e ecolóxica</u> : tipos de hábitats e emprazamentos, biodiversidade e produtividade, condicións ambientais, calidade e morfoloxía do fondo mariño, avaliación de poboacións, pautas de distribución dos peixes e mariscos e cambios estacionais, tempos de desove, etapas do ciclo biolóxico. Todo iso, tendo en conta a análise dos efectos producidos polo cambio climático <sup>14</sup> ; ii) <u>Avaliación social</u> : actitudes, percepcións e intereses dos distintos grupos de interesados, patróns de uso de recursos, diferenzas de opinión, importancia das REMIP e os recursos conexas, características demográficas e tendencias socioeconómicas, probables repercusións nos interesados, sistemas informais/tradicionais de gobernanza mariña, actitudes e vontade das persoas de participar nas actividades; iii) <u>Avaliación financeira e económica</u> : análise financeiro, análise da cadea de valor e de custos-beneficios, avaliacións do impacto económico; e iv) <u>Avaliación institucional e da gobernanza</u> : identificación das organizacións e as partes interesadas e roles; revisión da estrutura de funcionamento incluído o mecanismo de participación; marcos de coordinación intersectorial e estruturas xurídicas.
13	Deseñar un proxecto piloto sobre a selectividade das artes para reducir as capturas non desexadas, modificación das artes para minimizar os impactos no hábitat, e selectividade das artes en relación con especies en perigo, ameazadas e protexidas.
14	Os datos compilados e os métodos utilizados necesitan estar estandarizados e ser comparables entre si. Polo tanto, para que os datos podan utilizarse para o seguimento das medidas de aplicación cómpre estandarizar e normalizar os mesmos desde o comezo do proceso.

### 5.5. A descrición do espazo: localización, delimitación e zonificación

A ría de Cedeira está situada ao norte da provincia da Coruña, bañada polo Océano Atlántico e a poucos quilómetros do cabo Ortegal, que marca o límite co mar Cantábrico. Se ben é unha das máis pequenas de Galicia en extensión, a súa biodiversidade e riqueza tanto paisaxística como ecolóxica, fana un enclave especial para gran cantidade de especies acuáticas polo que a confraría de pescadores de Cedeira, tras determinar a súa idoneidade mediante estudos pesqueiros, ecolóxicos, propuxo que se lle outorgase un marco de protección dirixido ao interese pesqueiro.

A REMIP "Ría de Cedeira", que comprende augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, queda delimitada pola liña da preamar máxima viva equinoccial e pola liña recta imaxinaria que marca a boca da ría, e que une O Ensebadoiro e a punta de terra da Chirlateira. Ten unha superficie total de 744.2 hectáreas e o seu límite , na zona da boca da ría , ven determinado polas seguintes coordenadas DATUM WGS - 84:

	Latitude	Lonxitude
O Ensebadoiro	43 40.815'	08 04.518'
Pta. de Terra da Chirlateira	43 39.958'	08 05.413'

<sup>13</sup> Como parte integrante do proceso de planificación necesítase recompilar información sobre a pesca, o ecosistema e o entorno mariño, o uso dos recursos e as persoas. O perfil socioecolóxico é a base da planificación e a liña de referencia para levar a cabo máis adiante o seguimento e a avaliación.

<sup>14</sup> O cambio climático é una cuestión relevante para a REMIP debido a que os efectos adversos do clima poden socavar a capacidade da reserva de manter a integridade das poboacións e protexer o hábitat e a biodiversidade. Sen embargo, os cambios climáticos a longo prazo son difíciles de prever, polo que será necesario prever accións de ordenación adaptativa aplicables cun criterio de flexibilidade.




Figura 1. Delimitación da reserva

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, de creación da reserva recolle nos seus artigos 2 e 3 os límites tanto da Remip como das zonas especiais (ZEP I, ZEP II e reserva integral de Esteiro).

Dentro do ámbito da reserva identificáronse unhas zonas que, polas súas características ecolóxicas e a súa relevancia de cara á consecución dos obxectivos da creación desta área protexida, requiren unha maior protección; así, existen tres zonas diferenciadas con fortes restricións nas actividades a desenvolver nelas:

**5.5.1. Reserva Integral de Esteiro** (46.90 Ha): área marítima delimitada pola recta poligonal definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

Latitude	Lonxitude
43 38.390'	08 04.097'
43 38.162'	08 03.871'
43 38.163'	08 03.519'
43 38.314'	08 03.491'
43 38.472'	08 3.965'

**5.5.2. ZEP I – Vilarrube** (40.30 Ha): zona limitada ao sur pola liña da baixamar escorada e ao norte pola liña imaxinaria que une punta Robaleira có Forno, definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

	Latitude	Lonxitude
Punta Robaleira	43 39.057'	08 04.223'
O Forno	43 39.125'	08 4.928'

**5.5.3. ZEP II – Boca da Ría (144.30 Ha):** área marítima delimitada polas liñas imaxinarias que unen entre si ao sur a punta Castrelo e punta Folgoso e ao norte punta de terra de Chirlateira e O Ensebadoiro, e definida polas seguintes coordenadas (DATUM WGS - 84):

		Latitude	Lonxitude
Límite sur	Pta.Castrelo	43 39.731'	08 05.224'
	Pta.Folgoso	43 40.086'	08 04.513'
Límite norte	Chirlateira	43 39.958'	08 05.413'
	O Ensebadoiro	43 40.815'	08 4.518'

**5.5.4. A Zanqueira (3.748,77 m<sup>2</sup>):** área mariña situada fronte ao edificio: "Casa do pescador" camiño ao peirao pesqueiro e delimitada polas coordenadas:

- W 8°3,814' N 43° 39,474 (Muro)
- W 8°3,739' N 43° 39,483 (Interior Rampla)
- W 8°3,731' N 43° 39,464 (Exterior Rampla)
- W 8°3,800' N 43° 39,451 (Zona mar fronte a rampla)
- W 8°3,802' N 43° 39,465 (Zona mar fronte a Peixeira)
- W 8°3,803' N 43° 39,472 (A Peixeira)



**Figura 2.** Límites e superficie da zona de "A zanqueira"

## **5.6. Condicións de acceso, actividades permitidas e limitación de usos**

As condicións de acceso á reserva están recollidas no artigo 8 do Decreto 28/2009, no cal se establece que poderán exercer a pesca marítima profesional no ámbito da reserva as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT.

Aquelas embarcacións que contén con cambios temporais de modalidade para artes autorizadas no ámbito da reserva poderán faenar con elas sempre que contén coa autorización da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica previo informe favorable do Oxesco.

Esta limitación non se aplica ás embarcacións habilitadas para a captura do percebe, que poderán extraer este recurso nas zonas autorizadas; e ás embarcacións despachadas con artes de anzol que poderán extraer patexo (*Polybius henslowii*) con nasas, nas zonas autorizadas para o seu emprego como engado vivo.

O Decreto 28/2009 recolle nos seus artigos 5 e 6 as actividades permitidas así como a limitación de usos en cada zona.

Na **Reserva Integral de Esteiro** queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Nas **zonas de especial protección ZEP I e ZEP II** queda prohibida a práctica de pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coas seguintes excepcións:

- A extracción de percebe dentro da ZEP II Boca da ría;
- O mergullo de lecer dentro da ZEP II Boca da ría;
- As actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Coa resolución do 27 de novembro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, pola que se ditan as medidas de xestión para o ámbito da REMIP quedou excluído o emprego de artes de enmalle na ZEP II-Boca da ría e na ZEP I-Vilarrube.

Coa entrada en vigor deste plan de xestión integral, na **zona da Zanqueira**, queda prohibida a práctica da pesca marítima desde embarcación, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostras autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo de informe do Oxesco, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

### **5.7. Pesca marítima de recreo e o mergullo de lecer**

Segundo a Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, defínese a pesca marítima de recreo como aquela que se practica por entretemento, deporte ou afección, sen ánimo de lucro, en perfecta harmonía e respecto có exercicio da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola profesional.

Na antedita lei, establécense as seguintes **modalidades** de pesca recreativa:

- a) pesca desde embarcación da sétima lista;
- b) pesca desde terra en superficie;
- c) pesca submarina: prohibida en toda a Remip "Ría de Cedeira";
- d) pesca desde embarcación da sexta lista, incluídas as distintas modalidades de pesca de alugamento.

Non se poderá realizar ningunha destas modalidades de pesca a menos de 250 metros das artes de pesca e das embarcacións dedicadas a calquera clase de pesca profesional, nin nas canles de navegación, así como tampouco por fora das zonas portuarias sinalizadas ao efecto nos planos publicados na web <https://portosdegalicia.gal/pesca-recreativa-portos>, nin a menos de 250 metros das praias cando estean frecuentadas por bañistas, e nas zonas de litoral prohibidas mediante orde da Consellería do Mar.

O **período autorizado** abrangue todos os días do ano.

O **horario** será diúrno, comprendido entre o orto e o ocaso no caso **da pesca desde embarcación**.

As **artes** e útiles a utilizar por licenza serán as descritas a continuación: dúas canas ou sedais cun máximo de 6 anzois, dúas poteiras, dúas garabetas e un gancho, podendo utilizar como arte auxiliar un trueiro.

Esta licenza só habilita para a **captura de cefalópodos e peixes**, agás a anguía, quedando prohibido a pesca durante a migración do salmón e reo nas entradas dos ríos ou nas zonas de paso destes.

Poderanse capturar **un máximo de cinco quilos por licenza e día**, podendo non computarse o peso dunha soa peza que exceda do tope establecido, cun tope por embarcación e día de 16 Kg se son máis de tres as persoas embarcadas titulares de licenza. No caso do polbo, o límite será dúas pezas por pescador e día.

Para utilizar como **cebo**, poderase capturar diariamente por licenza, ata un total de 50 poliquetos, 40 cangrexos (*Pachygrapsus marmoratus* e *Carcinus maenas*), 200 g de pulgas de mar e 100 g de camaróns e quisquillas (quedando prohibida a captura do camarón común (*Palaemon serratus*)).

Segundo a Orde do 17 de Setembro de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 211/1999 do 17 de Xuño de 1999 polo que se regula a pesca marítima de recreo; existen unha serie de **prohibicións** que todos os propietarios dunha licenza de pesca marítima de recreo deben coñecer e respectar:

<b>1</b>	A utilización de artes, aparellos e útiles distintos dos arriba indicados.
<b>2</b>	A utilización de substancias tóxicas, narcóticas, venenosas... que contaminen o medio mariño.
<b>3</b>	O emprego de luces e equipos eléctricos que sirvan de atracción para a pesca.
<b>4</b>	A captura, a tenza e o desembarco de especies prohibidas, vedadas ou de tamaño ou peso inferior ó regulamentario, que deberán ser devoltas decontado ao mar.
<b>5</b>	A pesca, almacenamento, transporte, transbordo ou descarga dunha cantidade superior ós topes máximos de capturas sinalados anteriormente, inda que correspondan a varios días continuos de navegación.
<b>6</b>	Obstaculizar ou interferir as faenas de pesca marítima profesional, marisqueira ou acuícola.

No ámbito da reserva, a pesca marítima de recreo levarase a cabo respectando todas as normas e prohibicións establecidas para o resto da Comunidade Autónoma de Galicia, coas seguintes excepcións:

<b>1</b>	Queda prohibida a realización desta práctica tanto na reserva integral de Esteiro como nas ZEP I, ZEP II e na Zanqueira; permitíndose unicamente na Zanqueira a pesca con cana desde superficie.
<b>2</b>	Queda prohibida a práctica de pesca submariña na totalidade do ámbito da reserva.
<b>3</b>	Queda prohibida a práctica de pesca con cana utilizando engado (macizado) como cebo na totalidade do ámbito da reserva.
<b>4</b>	Queda prohibida a pesca marítima desde embarcación desde o límite norte da ZEP I ata a liña de preamar máxima viva equinoccial da praia de Vilarrube, incluíndo as Enseadas de Esteiro e Pantín.
<b>5</b>	Queda prohibida a pesca con cana durante todos os días do ano no período comprendido entre dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar tanto diúrna como nocturna, desde o límite sur da ZEP I, ata o límite da zona da reserva integral de esteiro e en toda a Enseada de Pantín.

Permítese a **recolección de poliquetos**, cangrexos, camaróns, quisquillas e pulgas de mar para a súa utilización como cebo vivo nas áreas delimitadas a continuación:

<b>1</b>	Na praia da Magdalena de Cedeira: da "Ponte Vella" cara ao nacemento do río Condomiñas e da "praia da Fábrica" ata a antiga cetárea.
<b>2</b>	Na Enseada de Esteiro: desde a liña que une punta Campelo con Landeira e cara ao nacemento do río das Mestas.
<b>3</b>	Na Enseada de Pantín: desde o "Cemiterio dos Barcos" cara ao nacemento do río das Ferrerías.

Permítese o **mergullo de lecer** (previa comunicación á Coordinación da reserva) en todo o ámbito da mesma agás na Zanqueira e en toda a superficie que abrangue dende o límite norte da ZEP I ata a liña de preamar máxima escorada da praia de Vilarrube, incluíndo as enseadas de Pantín e de Esteiro.




Figura 3.ZEP II

## 5.8. Marisqueo de recursos xerais

### 5.8.1. Descrición e análise das zonas de extracción

A ría de Cedeira está formada por dous lóbulos separados pola punta Robaleira. Na marxe dereita atópase o areal da Magdalena (banco natural de berberecho, onde tamén se extrae ostra rizada e longueirón vello) e na marxe esquerda a praia de Loira ou Vilarrube (banco natural de cadelucha) que protexe dos temporais oceánicos ás enseadas de Pantín e Esteiro (autorizacións administrativas para berberecho, bígaro, ameixa fina e **ameixa babosa**) onde se atopa a reserva integral.

#### a) A praia da Magdalena (CL-097, CL-213, CL-230 e CL-231).

Atópase ao fondo da ría de Cedeira na súa marxe dereita encaixada entre bordes rochosos, cunha extensión de 300.000m<sup>2</sup>.

Neste areal existe un banco natural de berberecho aparecendo como especie acompañante o bígaro o longueirón vello e a ostra rizada. A superficie produtiva do banco é de preto de 280.000 m<sup>2</sup> non existindo zonificación na súa explotación.


#### b) A praia de Vilarrube (CL-096).

Orientada cara ao norte, en dirección á boca da ría. É un banco areoso de pendente moderada e carácter oceánico. Está limitada nos seus extremos esquerdo e dereito polas canles de desaugue das enseadas de Pantín e de Esteiro respectivamente, e recibe directamente a acción dos temporais, polo que é frecuente a aparición de "ripple - marks" (suaves ondulacións na capa superficial da area debidas á ondaxe). Nesta praia trabállase un banco natural de cadelucha, non existindo especies acompañantes de interese comercial. A superficie produtiva do banco é de preto de 360.000 m<sup>2</sup> non existindo zonificación na explotación deste.

**c) As enseadas de Pantín (CL-047) e Esteiro (CL-053, CL-048 e CL-214).**

As enseadas atópanse protexidas dos temporais por unha barra areosa cuxo fronte oceánico é a praia de Vilarrube, realizándose a comunicación por unhas estreitas canles a ambos lados da praia. Son enseadas de pouca profundidade, con pouco declive e unha zona intermareal grande. A maior parte da zona de marisma cóbrese só nas mareas vivas. A división das dúas enseadas está configurada por unha lingua areosa en forma de "T" cun conxunto dunar amplamente estabilizado e colonizado que durante os últimos anos está a sufrir un retroceso, tanto cara ao sur, como nos seus extremos leste e oeste, co conseguinte estreitamento das canles de desaugue.

As dúas enseadas, cunha superficie produtiva total que se achega ós 7.500 m<sup>2</sup> (5.500 m<sup>2</sup> en Esteiro e 2.000 m<sup>2</sup> en Pantín), son zonas de autorización marisqueira e teñen como especies obxecto a ameixa fina, o bígaro, a ameixa babosa e o berberecho. Na enseada de Esteiro atópase a reserva integral do mesmo nome.



**Figura 4.** Detalle xeral.

### 5.8.2. Descrición das artes de marisqueo

Enténdese por arte de marisqueo todo aquel útil ou aparello que, utilizado dun xeito preciso e cunha técnica determinada, ten como fin último a captura de organismos acuáticos.

Na reserva de Cedeira, as artes utilizadas na extracción de bivalvos son as seguintes:

<b>1</b>	<b>Sacho:</b> utensilio formado por un mango de madeira, ou outro material, nun de cuxos extremos dispón dunha platina metálica plana, comunmente de forma triangular ou rectangular, que forma ángulo agudo co mango.
<b>2</b>	<b>Angazo:</b> consta dun mango de madeira ou similar que forma ángulo agudo cunha platina de madeira ou metal provista de dentes que non poderán exceder dos 10 cm de lonxitude.
<b>3</b>	<b>Fouciña:</b> consta dun curto mango de madeira rematado nunha peza metálica máis ou menos curva que facilita a escavación e o acceso aos moluscos infaunais.
<b>4</b>	<b>Coitelo:</b> Consta dunha folla, normalmente metálica, e frecuentemente acabada en punta, cun ou dous lados afiados, e dun mango xeralmente de madeira. Emprégase para coller ostra rizada.
<b>5</b>	<b>Martelo e cincel:</b> poderá usarse manualmente o martelo e cincel como artes para extraer ostra rizada.

A extracción de longueirón será realizada directamente coa man ou utilizando sal mariño para estimular a saída dos individuos da area.

### 5.8.3. Medidas de xestión por especies

A continuación, detállanse o conxunto de normas específicas que regulan o marisqueo de recursos xerais dentro do ámbito da Remip. Se ben, é preciso comentar que a xestión e explotación das especies marisqueiras desenvólvese ao abeiro dos plans de xestión e as medidas de adaptación que serán aprobados na Orde de marisqueo xeral para o trienio 2024-2026. As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; có fin de optimizar o esforzo marisqueiro ó tempo que se acada unha extracción sostible do recurso.

As condicións de acceso serán: estar en posesión do permiso de explotación para marisqueo de recursos xerais e que se atopen incluídos no anexo II do plan de xestión integral da Remip.

#### 5.8.3.1. Berberecho (*Cerastoderma edule*).

- 1. Zona de traballo:** areal da praia da Magdalena de Cedeira (CL-097), areal da Enseada de Esteiro (CL-053, CL-048, CL-214) e areal da Enseada de Pantín (CL-047), exceptuando a zona de Reserva Integral.
- 2. Tamaño mínimo:** 27 mm medido no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).
- 3. Regulación marisqueira:** De acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobados para 2024-2026.

#### **5.8.3.2. Cadelucha (*Donax trunculus*)**

- 1. Zona de traballo:** areal da praia de Vilarrube (CL-096)
- 2. Regulación marisqueira:** de acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobados para 2024-2026.

#### **5.8.3.3. Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*)**

- 1. Zona de traballo:** Enseada de Esteiro (CL-053, CL-048) (exceptuando a reserva integral), Enseada de Pantín (CL-047) e zonas de libre marisqueo da Enseada de Esteiro (CL-214).
- 2. Regulación marisqueira:** Coincidente co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2024-2026.

#### **5.8.3.4. Caramuxo ou bígaro (*Littorina littorea*)**

- 1. Zona de traballo:** Enseada de Esteiro (CL-053, CL-048, CL-214) (exceptuando a reserva integral) e Enseada de Pantín (CL-047) e zonas de libre marisqueo da Enseada de Esteiro (CL-214).
- 2. Regulación marisqueira:** Coincidente co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2024-2026.

#### **5.8.3.5. Longueirón vello (*Solen marginatus*).**


- 1. Zona de traballo:** areal da praia da Magdalena de Cedeira (CL-213).
- 2. Regulación marisqueira:** Coincidente co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2024-2026.

#### **5.8.3.6. Ostra rizada (*Magallana gigas*).**

- 1. Zona de traballo:** areal da praia da Magdalena de Cedeira (CL-230 e CL-231), e na enseada de Pantín (CL-047) e na enseada de Esteiro (CL-053), exceptuando a zona de reserva integral.
- 2. Tamaño mínimo:** 60 mm medido no eixe dorsoventral (LDV).
- 3. Regulación marisqueira:** Coincidente co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2024-2026.

#### 5.8.4. Calendario de marisqueo previsto

ESPECIES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
BERBERECHO*												
COQUINA												
AMEIXA FINA												
BIGARO												
LONGUEIRÓN VELLO												
OSTRA XAPONESA												

 Período de pesca permitido

\*Na praia da Magdalena se prevé realizar un paro biolóxico do berberecho nos meses de maio e outubro, ampliable aos meses de xuño e xullo por mor do estado do recurso. Na zona de Esteiro a veda é prevista no mes de maio.

#### 5.8.5. Resumo das medidas de xestión prevista para os recursos marisqueiros xerais na reserva durante o período 2024-2026.

RECURSOS	MODALIDADE	MARISCADORAS	Nº PROBABLE DÍAS EXTRACCIÓN*	TOPE DIARIO / PERSOA*	TALLA MÍNIMA
BERBERECHO	A pé	Ata un máximo de 17	198/30	10kg Praia Madalena 15 Kg (*) Enseada	27 mm
CADELUCHA	A pé	Ata un máximo de 17	21	2 Kg	35 mm
AMEIXA FINA	A pé	Ata un máximo de 17	50	4 Kg	40 mm
BÍGARO	A pé	Ata un máximo de 17	198	15 Kg	15 mm
OSTRA RIZADA	A pé	Ata un máximo de 17	50	50kg	60 mm
LONGUEIRÓN VELLO	A pé	Ata un máximo de 17	30	5kg	80 mm

\* ampliable a 20 Kg en función dos resultados das mostraxes en casos excepcionais (episodios de toxina, ceses de actividade, forza maior...), e a 25 Kg en festas gastronómicas.

\*\*\* a talla mínima poderase baixar na enseada de Esteiro a 26 mm coincidindo cá época estival (xullo e agosto) sempre que o estado do recurso así o requira, previo informe do técnico competente e concorde có Plan de Xestión en curso.

## 5.9. Recursos específicos

### 5.9.1. Descrición e análise das zonas de extracción

O ámbito de extracción dos recursos específicos, esténdese fóra dos límites da reserva mariña de Cedeira debido a que para algunhas especies se aprobaron bancos sitos na zona VIII.

Con referencia o Percebe e o ourizo o seguinte mapa amosa a distribución, segundo á abundancia na Remip "Ría de Cedeira".

**Aclaración:** Aínda que no mapa aparece sombreada en azul, a costa oeste da ZEP I Vilarrube, non está autorizada a extracción deste recurso (percebe) na mencionada zona de especial protección. Aínda que no mapa aparece sombreada en vermello a punta Promontorio, non está autorizada a extracción deste recurso (ourizo) na mencionada zona de especial protección.

### 5.9.2. Descrición das artes empregadas na extracción de recursos específicos

**Raspa ou rasqueta ("cacha"):** utensilio adaptado para a extracción de percebe que consta dun mango recto de madeira unido a unha platina poligonal que terá unha base máxima de 5 cm.

**Mergullo con subministro de aire dende superficie:**

**Excepto para o percebe, no que en ningún caso se permitirá a utilización de equipamentos de mergullo,** para os plans de recursos específicos a mergullo as artes empregadas e utensilios entre outros son: aletas, coitelo, luvas, compresor de aire, máscara facial, manguera...


### 5.9.3. Medidas de xestión por especies

A continuación, detállanse o conxunto de normas específicas que regulan a extracción de recursos específicos dento do ámbito da reserva. As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ao tempo que se acada unha extracción sostible do recurso.

#### 5.9.3.1. Percebe (*Pollicipes pollicipes*)

**1. Condicións de acceso:** embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo de percebe e que se atopan incluídas no anexo III do plan de xestión integral da Remip.

**2. Zona de traballo:** todo o ámbito da reserva exceptuando a reserva integral e a ZEP I.



- 3. Regulación marisqueira:** de acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024 e/ou 2025-2027.
- 4. Tope de capturas:** 12 kg peso bruto (percebe, mexillón, cornichas, pedras...) e 10 kg peso neto (só percebe) habilitación enrolado e a bordo/día.
- 5. Punto de Control:** O punto de control establecido é a lonxa de Cedeira, dentro do recinto habilitado para tal fin, no que se realizará a pesaxe do tope bruto ou neto con carácter previo á súa elección.

#### **5.9.3.2. Ourizo (*Paracentrotus lividus*)**

- 1. Condicións de acceso:** embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo para o ourizo e que se atopan incluídas no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024 e/ou 2025-2027. No caso de plans a mergullo de subministro de aire en superficie deberán cumprir co disposto no Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño para poder traballar no ámbito da Remip.
- 2. Zona de traballo:** de acordo co establecido no Decreto 28/2009, do 20 de xaneiro, a zona permitida é todo o ámbito da reserva exceptuando: a reserva integral, a ZEP I Vilarrube e ZEP II Boca da Ría.
- 3. Tamaño mínimo:** 6 cm de diámetro (DD).
- 4. Regulación marisqueira:** de acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024 e/ou 2025-2027.

#### **5.9.3.3. Solénidos: Longueirón (*Ensis siliqua*)**

- 1. Condicións de acceso:** embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo para solénidos e que se atopan incluídas no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024 e/ou 2025-2027. No caso de plans a mergullo de subministro de aire en superficie deberán cumprir co disposto no Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño para poder traballar no ámbito da Remip.
- 2. Tamaño mínimo:** 120 mm de diámetro (LAP).
- 3. Zona de traballo:** de acordo co establecido no Decreto 28/2009, do 20 de xaneiro, a zona permitida é todo o ámbito da reserva exceptuando: a reserva integral, a ZEP I Vilarrube e ZEP II Boca da Ría.
- 4. Regulación marisqueira:** De acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024 e/ou 2025-2027.

#### **5.9.3.4. Anémona (*Anemonia viridis*)**

- 1. Condicións de acceso:** embarcacións que teñen no seu permiso de explotación a modalidade anemone e que se atopan incluídas no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024 e/ou 2025-2027. No caso de plans a mergullo de subministro de aire en superficie deberán cumprir co disposto no Real Decreto 550/2020, do 2 de xuño, para poder traballar no ámbito da REMIP.

**2. Zona de traballo:** Punta Chirlateira, tendo como límite o Norte da ZEP II Boca da Ría.

**3. Regulación marisqueira:** De acordo co establecido no plan de xestión e as adaptacións aprobadas para 2022-2024 e/ou 2025-2027.

## **5.10. Pesca de baixura**

### **5.10.1. Descrición e análise das zonas de extracción**


Delimitación das zonas de pesca artesanal dentro da reserva, tendo como criterio as artes de pesca que se empregan nelas:

**a) Zona de artes de enmalle e aparellos de anzol:** abrangue a zona comprendida entre o límite sur da ZEP II-Boca da ría e a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

As artes empregadas nesta zona son o palangrillo, a liña ou cordel, o trasmallo e o medio mundo; as capturas céntranse, dependendo da época do ano, en especies como a xiba, a centola, a raia, o congrio, os peixes planos e os peixes de rocha.

**b) Zona de artes de nasas:** abrangue toda a zona interna da ría, dende o límite sur da ZEP II-Boca da ría ata o areal da Magdalena (exceptuando a zona portuaria e a Zaqueira) e polo extremo sur ata o límite norte da ZEP I-Vilarrube. As artes empregadas son a nasa de polbo, nécora-camarón (especies obxecto desta pesqueira).

Así mesmo, poderase capturar patexo con nasa nécora-camarón tanto na zona exposta no parágrafo anterior como na zona habilitada para a captura de cangrexo como cebo no apartado de pesca de recreo (ver apartado 2.3.).



### 5.10.2. Descrición das artes de pesca artesanal

Na Remip "Ría de Cedeira" permítese a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas e enmalle, nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido neste plan.

A continuación descríbense as diferentes modalidades existentes de cada tipo así como as medidas de xestión adoptadas para cada pesqueira dentro do ámbito da reserva.

#### 5.10.2.1. Artes de enmalle

**Trasmallos:** é unha arte fixa ao fondo que consta dunha ou varias pezas constituídas por tres panos, que se arman conxuntamente entre dúas trallas, cos sistemas adecuados para

permanecer calados verticalmente. Os panos exteriores serán iguais entre si, e o pano interior, de malla de menor tamaño, poderá ser de maior extensión.

**Características técnicas:** a malla mínima dos panos exteriores, diagonalmente estendida será igual ou superior a 500 milímetros e a do pano central, igual ou superior a 100 milímetros.

A altura máxima da arte, entre trallas, será de 2,5 m e a lonxitude de cada unha das pezas non excederá de 50 m.

**Nº pezas:** 20 pezas por embarcación máis 10 pezas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 40 pezas.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da reserva exceptuando a ZEP-II- Boca da Ría e a zona interior (de augas continentais) delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

**Período autorizado:** dependente da especie obxectivo.

**Horario de uso:** cada 24 horas deberán ser levantados do seu calamento.

**Descanso semanal:** non poderán quedar caladas nin permanecer no mar dende as 12:00 horas do venres ata as 10:00 h do domingo.

O aumento do tamaño da malla mínima dos panos exteriores e interiores do trasmallo con respecto ao indicado no Decreto 15/2011, xunto co aumento da tamaño mínimo das principais especies obxectivo; no caso da xiba (pasa de 8 cm a 12 cm de tamaño mínimo), centola (pasa de 12 cm a 14 cm de tamaño mínimo) e na acedía (pasa de 15 cm a 20 cm) así como o establecemento dunha porcentaxe para as especies accesorias (20% en peso vivo total das capturas retidas a bordo) fundamentou a modificación do horario de uso desta arte, así como o número de pezas.

**Mediomundo:** é un arte formada por un aro de ferro e armado de ventos que se xuntan nunha argola da cal parte un cabo único. O cabo pode ir suxeito directamente a unha vara ou por medio dunha polea para o seu manexo. O aro leva un cope de malla.

**Características técnicas:** o diámetro máximo do aro será de 6 metros e a dimensión da malla mínima do cope será igual ou superior a 14 milímetros.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da reserva exceptuando a ZEP II - Boca da Ría e a zona interior (de augas continentais) delimitada pola liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira co cumio do monte Burneira.

**Período autorizado:** dependente da especie obxectivo.

**Horario de uso:** exclusivamente horario diúrno de luns a venres.

**Descanso semanal:** dende o ocaso do venres ata o orto do luns.

#### **5.10.2.1.1. Medidas de xestión das principais especies capturadas con estas artes**

As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ó tempo que se acada unha extracción sustentable do recurso.

No caso de non indicarse regulación específica, enténdese que segue a norma xeral vixente.  
**Condicións de acceso:** embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa modalidade de trasmallos incluída no seu permiso de explotación (anexo I).

Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por proposta do Oxesco, pode autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT (punto 1 do artigo 8 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas ás embarcacións de arqueo menor ou igual a 1,5 GT.

**a) Arte autorizada:** mediomundo.

**Especies obxectivo:** peóns, fanecas, xurelos, cangrexos, chipiróns...

**Especies accesorias:** non se contemplan.

As capturas realizadas con este arte respectarán (en caso de existir) as vedas, topes e tallas mínimas establecidas para cada especie conforme ó establecido neste plan e á lexislación vixente.

**b) Arte autorizada:** trasmallo.

**Especies obxectivo:** centola, xiba ou choco e raia.

**Especies accesorias:** todas aquelas non definidas para esta arte como especies obxectivo. Permítese a captura do 20% en peso vivo total das capturas retidas a bordo sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

##### **5.10.2.1.1.1. Centola (*Maja brachydactyla*).**

**Tamaño mínimo:** 14 cm de lonxitude de cefalotórax (LCT) medida sobre a liña mediana que vai entre ambos rostra ata o borde posterior do cefalotórax.

**Tope de capturas:** 35 Kg por embarcación/día máis 35 Kg por tripulante debidamente enrolado e a bordo/día.

**Período de captura autorizado:** Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

No caso dos crustáceos, independentemente do seu tamaño, queda prohibida a retención a bordo, transbordo, desembarco, transporte, almacenamento, venda, exposición ou comercialización das femias ovadas que deberán ser devoltas inmediatamente ao mar. Exceptuaranse da prohibición anterior as femias ovadas da cigala, o cangrexo real, o camarón e o percebe.

**5.10.2.1.1.2. Xiba ou choco (*Sepia officinalis*).**

**Tamaño mínimo:** 12 cm de lonxitude dorsal do manto (LDM).

**Tope de capturas:** non se establece.

**Período de captura autorizado:** do 1 de xaneiro ó 31 de maio, e do 2 ó 31 de decembro.

**5.10.2.1.1.3. Raia (*Raja spp.*).**

**Tamaño mínimo:** 50 cm da punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT) e a raia mosaico (*Raja undulata*) 70 cm da punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT).

Segundo o Regulamento CE núm. 2406/1996, a raia para a súa comercialización, enteira ou eviscerada, sen ás, deberá pesar mínimo: 300 gr; e so as ás mínimo: 500 gr.

**Tope de capturas:** non se establece.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

Esta pesqueira está supeditada ó disposto na normativa comunitaria sobre as variedades destas especies que estean prohibidas e que se publican nos regulamentos de TAC e cotas a principios de ano. Así como, aos peches, que se establezan por esgotamento da cota, que realice a Secretaría Xeral de Pesca e que se deberán devolver ao mar na zona de captura, por alta supervivencia.

**5.10.2.1.1.4. Peixes planos: Rodaballo (*Scophthalmus maximus*), linguado (*Solea spp.*), acedía (*Dicologlossa cuneata*), solla (*Platichthys flesus*) e sollo ou curuxo (*Scophthalmus rhombus*).**

**Tamaños mínimos:** medírase dende a punta da cabeza ata o extremo da aleta caudal (LT).

Rodaballo ( <i>Scophthalmus maximus</i> )	30 cm	Solla ( <i>Platichthys flesus</i> )	27 cm
Linguado ( <i>Solea spp.</i> )	24 cm	Sollo ou curuxo ( <i>Scophthalmus rhombus</i> )	30 cm
Acedía ( <i>Dicologlossa cuneata</i> )	20 cm		

**Tope de capturas:** non se establece.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**5.10.2.1.1.5. Peixes de rocha: Maragota ou pinto (*Labrus bergylta*), sargo (*Diplodus spp.*), escarapote e cabracho (*Scorpaena spp.*) e robaliza (*Dicentrarchus labrax*).**

**Tamaños mínimos:**

Maragota ou pinto ( <i>Labrus bergylta</i> )	22 cm	Escarapote e cabracho ( <i>Scorpaena</i> spp.)	18 cm
Robaliza ( <i>Dicentrarchus labrax</i> )	36 cm	Sargo ( <i>Diplodus</i> spp.)	22 cm

**Tope de capturas:** non se establece.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**5.10.2.2. Artes de anzol**

**LIÑA OU CORDEL:** está formada por un longo fío (xeralmente de tanza) e un número variable de anzois adaptados á especie obxecto de captura, que actúan normalmente ligados á man do pescador e armada cun chumbo e da que existen, entre outras variantes as rañeiras, as poteiras, os corricáns e o chivo.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da Remip exceptuando a reserva integral, a ZEP II Boca da Ría e a zona interior de augas continentais que delimita a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira có cumio do monte Burneira.

**Período autorizado:** todo o ano.

**Horario de uso:** diúrno ou nocturno. O diúrno dende o orto ata o ocaso, durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal mínimo dende as 24 horas do venres ata as 24 horas do domingo; e o nocturno, dende o ocaso ata o orto, durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal mínimo dende as 24 horas do venres ata as 24 horas do domingo.

**PALANGRILLO:** está constituído por unha tralla denominada madre, de lonxitude variable, da que parten outros cabos máis finos denominados brazoladas aos que se empatan os anzois.

**Nº anzois:** 1.000 como máximo; a lonxitude máxima total do palangrillo será de 3.000 m cunha distancia mínima entre brazoladas de 1 metro.

**Zonas autorizadas:** todo o ámbito da Remip exceptuando a ZEP II e a zona interior de augas continentais que delimita a liña imaxinaria que une a punta do dique de Cedeira có cumio do monte Burneira.

**Período autorizado:** todo o ano.

**Horario de uso:** desde as 16:00 horas do domingo ata as 16:00 horas do venres.

**Descanso semanal:** deben cesar na súa actividade dende as 16:00 h do venres ata as 16:00 h do domingo. Nestas 48 horas as artes deberán ser levantadas do seu calado e levadas a porto.

**Especies obxectivo:** congro, peixes planos e de rocha.

**Especies accesorias:** todas aquelas non definidas para este arte como especies obxectivo. Permítese a captura dun 20 % en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

#### **5.10.2.2.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con esta arte**

**Condições de acceso:** as embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT que contén coa arte do palangrillo e/ou liña ou cordel no seu permiso de explotación. (anexo I). Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica, por proposta do Oxesco, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT (punto 1 do artigo 8 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas embarcacións deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas as embarcacións de arqueo menor ou igual a 1,5 GT.

**Arte autorizada:** liña ou cordel e palangrillo.

##### **5.10.2.2.1.1. Congro (*Conger conger*).**

**Tamaño mínimo:** 100 cm.

**Topo de capturas:** non se establece.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

##### **5.10.2.2.1.2. Peixes planos:** ver táboa do apartado 2.6.2.1.1.4. Peixes planos.

##### **5.10.2.2.1.3. Peixes de rocha:** ver táboa do apartado 2.6.2.1.1.5. Peixes de rocha.

#### **5.10.2.3. Arte de nasas**

Son artes pasivas e fixas ó fondo constituídas en forma de cestos ou gaiolas de diversos materiais ríxidos ou semirríxidos que normalmente se recobren de rede. Están provistas dunha ou máis aberturas que permiten a entrada das diferentes especies ao habitáculo atraídas polo engado que se coloca no seu interior. As nasas serán largadas de forma que constitúan caceas, nas que cada nasa se une a unha tralla e esta á súa vez ao cabo madre. A súa clasificación baséase na especie obxectivo da pesqueira cara á que se dirixen.

Na época de veda das especies cara ás cales se orienta a captura principal das nasas, estas deberán ser levantadas e transportadas a terra, permanecendo almacenadas nos lugares destinados a este fin.

No caso dos crustáceos, independentemente do seu tamaño, queda prohibida a retención a bordo, transbordo, desembarco, transporte, almacenamento, venda, exposición ou comercialización das femias ovadas que deberán ser devoltas inmediatamente ao mar. Exceptuaranse da prohibición anterior as femias ovadas da cigala, o cangrexo real, o camarón e o percebe.

**Nasa de nécora e de camarón:** é unha nasa pechada de forma cilíndrica ou poliédrica, que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude máxima : 550 mm
- Altura máxima: 350 mm
- Boca de entrada (no seu diámetro maior): 160 mm. Durante a veda da nécora a boca non poderá exceder de 50mm.
- Cando estea recuberta dun material ríxido, os cadrados do entramado non terán menos de 10 mm de lado; e cando estea recuberta de rede, a malla non será inferior a 16 mm

**Nº nasas por embarcación:** 90 nasas.

**Zona autorizada:** dende o límite sur da ZEP II Boca da ría ata o areal da Magdalena cara o leste (exceptuando a zona portuaria e a Zaqueira) e polo extremo sur ata o límite norte da ZEP I-Vilarrube.

Así mesmo, poderase capturar patexo con nasa nécora e camarón tanto na zona exposta no parágrafo anterior como na zona habilitada para a captura de cangrexo como cebo no apartado de pesca de recreo (ver apartado 2.3.).

**Período autorizado:** depende da especie obxectivo.

**Horario de uso:** nocturno; dende dúas horas antes do ocaso do luns ata dúas horas despois do orto do sábado, tendo que ser levantadas e levadas a terra diariamente.

**Descanso semanal:** non se poderán calar nin permanecer no mar as fins de semana a partir de 2 horas despois do orto do sábado ata dúas horas antes do ocaso do luns.

**NASA POLBO:** é unha nasa aberta na súa superficie superior, de forma cadrada ou rectangular que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude: 400 mm.
- Altura ou diámetro: 350 mm.
- As mallas ou claros non serán inferiores a 20 mm de lado do cadrado.

**Nº nasas por embarcación:** 90 nasas.

**Zona autorizada:** todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral de Esteiro, a ZEP I, a ZEP II, a zona portuaria e a Zaqueira.

**Período autorizado:** Coincidente co establecido pola lexislación vixente fóra do ámbito da Remip.

**Horario de uso:** diúrno; a actividade iniciarase ás 06.00 h e finalizará ás 16:00 h, de luns a venres, podendo quedar caladas no mar diariamente.

Enténdese por inicio da actividade o momento da saída do porto. Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasa para polbo.

**Descanso semanal:** dende as 16:00 h do venres ata as 06:00 h do luns, podendo quedar caladas no mar durante a fin de semana.

**Nasa centola:** é unha nasa cilíndrica ou poliédrica. Poderá ser de dous tipos: unha con armazón de varelas de ferro, madeira ou aceiro, sen envoltura de rede e outra con envoltura de rede que posúe as seguintes dimensións máximas:

- Lonxitude: 600 mm.
- Altura ou diámetro: 450 mm.
- A separación das varelas que forman a armazón será como mínimo de 55 mm.
- Cando estean recubertas con rede, a dimensión de malla mínima será de 90 mm e cando estean recubertas doutro material, o lado do cadrado dos ocos non será inferior a 50 mm.

**Nº nasas por embarcación:** 60 como máximo, independentemente de que vaian máis dun tripulante enrolado e a bordo na embarcación.

**Zona autorizada:** todo o ámbito da reserva excepto a reserva integral de Esteiro, a ZEP I, a ZEP II, a zona portuaria e a Zanqueira.

**Período autorizado:** coincidente co establecido pola lexislación vixente fora do ámbito da Remip.

**Horario de uso:** diúrno; a actividade iniciarase ás 06.00 h e finalizará ás 16:00 h, de luns a venres.

Enténdese por inicio da actividade o momento da saída do porto. Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasas para centola.

**Descanso semanal:** dende as 16:00 h do venres ata as 06:00 h do luns, tendo que ser levantadas e levadas a terra a fin de semana, unha vez cumprido o horario de traballo do venres.

### 5.10.2.3.1. Medidas de xestión das principais pesqueiras capturadas con estas artes

As medidas adoptadas inclúen tanto as de carácter técnico como biolóxico; co fin de optimizar o esforzo ó tempo que se acada unha extracción sostible do recurso. No caso de non indicarse regulación específica, enténdese que segue a norma xeral vixente.

**Condições de acceso:** embarcacións con arqueo menor ou igual a 1,5 GT e coa arte de nasa nécora–camarón (para captura de nécora, camarón e/ou patexo), nasa centola

(para captura de centolo e centola) ou nasa polbo, (para a captura do polbo) incluída no seu permiso de explotación. (anexo I).

Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por proposta do Oxesco, pode autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT (artigo 8.1 do Decreto 28/2009). Neste caso, estas deberán respectar todas as medidas de xestión aplicadas ás embarcacións de arqueo menor ou igual a 1,5 GT.

**Arte autorizada:** nasa nécora –camarón, nasa de polbo ou nasa centola.

#### **5.10.2.3.1.1. Nécora (*Necora puber*).**

**Tamaño mínimo:** 6 cm de lonxitude do cefalotorax (LCT), sobre a liña mediana que vai dende o espazo interorbital ata o borde posterior do cefalotórax.

**Tope de capturas:** 8 kg por tripulante, debidamente enrolado e a bordo/día, máis 8 kg por embarcación/día.

**Período de captura autorizados:** coincidente co establecido pola lexislación vixente fora da Remip.

**Especies accesorias:**

- polbo: permítese un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda;
- patexo: permítese un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva.

#### **5.10.2.3.1.2. Camarón (*Palaemon serratus*).**

**Tamaño mínimo:** 5 cm de lonxitude total, medida sobre o extremo distal do rostrum ata o extremo posterior do telson; excluindo as "setae" (LT).

**Tope de capturas :** coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

**Período de captura autorizado:** do 1 ó 5 de xaneiro, do 13 ó 26 de marzo e do 1 de xullo ó 31 de decembro.

**Especies accesorias:**

- polbo: permítese un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecido para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda.
- patexo: permítese un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecido para o ámbito da reserva e sempre que non estea en veda.

#### **5.10.2.3.1.3. Patexo (*Polybius henslowii*).**

**Número de nasas:** será coincidente co aprobado para o ano 2024 no plan de pesca de patexo da Comunidade Autónoma de Galicia. De non existir, dito plan, o número máximo de nasas que diariamente poderán ser caladas por embarcación dependerán da arte á que se dedican:

- Liña e cordel: ata un máximo de 10 nasas.
- Palangrillo: ata un máximo de 20 nasas.
- Palangre de fondo: ata un máximo de 40 nasas. Na Remip non está permitido o emprego do palangre de fondo, non obstante autorízase ás embarcacións con esta arte a captura de patexo con nasa nas zonas habilitadas na Remip.

**Tamaño mínimo:** 3,5 cm, lonxitude do cefalotórax medida no seu eixo anteroposterior (LCT) medida sobre a liña mediana que vai dende o espazo interorbital ata o borde posterior do cefalotórax.

**Tope de capturas:** non se establece.

**Período de captura autorizado:** todo o ano.

**Especies accesorias:** non hai especies accesorias a esta pesqueira.

#### **5.10.2.3.1.4. Polbo (*Octopus vulgaris*).**

**Tamaño mínimo:** 1,5 kg.

**Tope de capturas:** Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

**Período de captura autorizado:** Coincidente co establecido fóra do ámbito da Remip.

**Especies accesorias:** permítese a captura do porcentaxe legal establecido no Plan experimental de Xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) na Comunidade Autónoma, en peso vivo do total das capturas retidas a bordo, sempre que non estean en veda e cumpran co tamaño mínimo establecido.

Como especies accesorias poden aparecer fundamentalmente a nécora e o camarón.

**5.10.2.3.1.5. Centola (*Maja brachydactyla*). Ver apartado 5.10.2.1.1.**

**5.10.3. Resumo medidas de xestión para os recursos pesqueiros na Remip**

ESPECIE	Período autorizado de extracción	Topes de captura	Talla mínima
NECORA ( <i>Necora puber</i> )	Coincidente có establecido para toda Galicia	8Kg /tripulante/día máis 8Kg por embarcación	6 cm*
CENTOLA ( <i>Maja brachydactyla</i> )	Coincidente có establecido para toda Galicia	35Kg /tripulante/día máis 35Kg por embarcación	14 cm*
CAMARÓN ( <i>Palaemon serratus</i> )	1 ao 5 de xaneiro, do 13 ó 26 de marzo e do 2 de xullo ao 31 de decembro	Sen topes	5 cm
POLBO ( <i>Octopus vulgaris</i> )	Coincidente có establecido para toda Galicia	Coincidente có establecido para toda Galicia	1,5 Kg*
XIBA ( <i>Sepia officinalis</i> )	Desde xaneiro ata maio e decembro	Sen topes	12 cm*
RODABALLO ( <i>Scophthalmus maximus</i> )	Todo o ano	Sen topes	30 cm
LINGUADO ( <i>Solea spp.</i> )	Todo o ano	Sen topes	24 cm
ACEDIA ( <i>Dicologlossa cuneata</i> )	Todo o ano	Sen topes	20 cm
SOLLA ( <i>Patichthys flesus</i> )	Todo o ano	Sen topes	25 cm
SOLLO ( <i>Scophthalmus rhombus</i> )	Todo o ano	Sen topes	30 cm
ROBALIZA ( <i>Dicentrarchus labrax</i> )	Todo o ano	Sen topes	36 cm
MARAGOTA ( <i>Labrus bergylta</i> )	Todo o ano	Sen topes	22 cm*
SARGO ( <i>Diplodus sargus</i> )	Todo o ano	Sen topes	22 cm
ESCARAPOTE ( <i>Scopaena scrofa</i> )	Todo o ano	Sen topes	18 cm
CABRACHO ( <i>Scorpaena spp.</i> )	Todo o ano	Sen topes	18 cm
RAIA ( <i>Raja spp.</i> )	Todo o ano	Sen topes	50cm*
RAIA MOSAICO ( <i>Raja undulata</i> )	Todo o ano	Sen topes	70 cm*
PATEXO ( <i>Polybius henslowii</i> )	Todo o ano	Sen topes	3,5 cm
CONGRIO ( <i>Conger conger</i> )	Todo o ano	Sen topes	100 cm*
ESP ACC. Polbo ( <i>Octopus vulgaris</i> )	Todo o ano a excepción da veda	Polbo: permítense un máximo de 8 pezas, que deberán cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva e sempre que non estean en veda; patexo: permítense un total de 20 Kg como máximo por embarcación e día, debendo cumprir co tamaño mínimo establecida para o ámbito da reserva.	1,5kg

<p>ESP ACC. Nec-Cam (<i>Necora puber</i>) (<i>Palaemon serratus</i>)</p>	<p>Todo o ano a excepción da veda</p>	<p>No caso da nécora, non se poderá superar o % do peso das capturas totais autorizadas para cada embarcación e día como especie accesoria establecido no Plan para a xestión do polbo (<i>Octopus vulgaris</i>) con nasa que esté vixente</p>	<p>Nécora 6 cm Camarón 5 cm</p>
--	---------------------------------------	--	-------------------------------------

\* tallas superiores e condicións máis restritivas ás establecidas pola normativa vixente.

### 5.11. Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da REMIP.

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 8 que para levar a cabo todas e cada unha das diferentes actividades pesqueiras e marisqueiras que se practican no ámbito da Remip, os titulares dos diferentes permisos que habilitan para tal fin, teñen que estar inscritos nun censo específico.

Este censo poderase actualizar seguindo o procedemento descrito nos puntos 1 e 2 do artigo 3 da Orde do 18 de agosto de 2010, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira"; e terase en conta como criterio de selección, ademais da pertenza a portos base máis próximos ao ámbito xeográfico da reserva mariña, no caso de embarcacións, a habitualidade e as capturas realizadas no ámbito da mesma dos titulares que xa estivesen incluídos, de conformidade có disposto no artigo 9 do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro.

O lento proceso de actualización do censo fai que se produza un estancamento tanto de funcionalidade na área mariña como de axilidade da estrutura administrativa xa que, no caso de embarcacións con porto base en Cedeira que se incorporen ós plans de recursos específicos e/ou persoas que se incorporen ao plan de marisqueo, así como aquelas embarcacións de máis de 1,5 GT que sexan autorizadas para a pesca do patexo e aquelas embarcacións que tendo porto base no ámbito territorial da Remip "Ría de Cedeira" e cumpran os requisitos para faenar dentro da mesma, non poderán realizar a actividade dentro da reserva mariña ata que a actualización de dito censo se faga efectiva.

Dado que no PXI se recolle as incorporacións autorizadas para cada ano, os anexos de dito plan actualizaranse trianualmente incluíndo as anteditas incorporacións. No caso dos recursos específicos e o marisqueo a pé, a incorporación realizarase trala publicación da resolución da Xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, polo que se fai pública a relación dos seleccionados para a obtención do permiso de explotación na modalidade que corresponda.

No anexo I deste documento achégase a información relativa ás modalidades de pesca coas que están autorizadas a faenar dentro da REMIP cada embarcación.

## **6. SEGUIMIENTO, CONTROL E VIXILANCIA**

### **6.1. O seguimento científico**

O seguimento científico é fundamental para avaliar o estado dos recursos e dos medios físicos e biolóxicos que o sustentan, así como a incidencia e interaccións con eles das actividades que se realizan no obxecto de estudo. Deste xeito, podemos dicir que o seguimento científico é unha parte fundamental da caracterización dunha Remip en todas as súas fases: deseño, creación e conservación ou mantemento. Deste modo, pódense reorientar as actividades e mellorar as propostas de actuación.

Inicialmente, no período comprendido entre o 2007 e o 2010 (ambos incluídos), contouse cun equipo técnico da empresa Fismare S.L., empresa spin-off do grupo de Recursos Mariños da UDC, que traballou en colaboración coa coordinación da Remip "Ría de Cedeira".

Posteriormente, no ano 2011 tomou o relevo o Centro de Investigacións Mariñas (Cima) dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A Orde do 18 de agosto de 2010 pola que se regula o uso e xestión da Remip "Ría de Cedeira" establece, no punto 1 do artigo 8 que será a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a encargada de elaborar un programa de seguimento científico da reserva mariña, coa finalidade de coñecer a súa evolución e os resultados obtidos.

Desde o ano 2011 ata a actualidade, a asistencia técnica xunto cos gardapescas da confraría son os responsables do seguimento, xunto coas observacións realizadas polos técnicos da Consellería do Mar, realizando unha serie de medicións ou análises (sobre todo no que a monitorización pesqueira e marisqueira se refire) e seguindo os protocolos de actuación que a continuación se describen:

#### **A) Monitorización pesqueira:**

1. Rexistro da actividade das embarcacións que operan dentro da reserva: esporadicamente se recollen unha serie de datos sobre a actividade pesqueira de cada embarcación que faena dentro da reserva. Os datos recollidos son:

- Embarcación: nome, características técnicas, nº de tripulantes.
- Artes: arte empregada, nº de lances, nº de panos ou nasas por lance, lonxitude dos panos do lance... • Capturas: especies, peso....

2. Estudio da estrutura de talla das principais especies obxectivo da reserva. Esporadicamente, na lonxa de Cedeira, mídense, pésanse e sé é o caso séxanse todos os individuos comerciais das especies capturadas polas embarcacións que faenan dentro da reserva.

3. Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións participantes mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal forma que se permita acadar os

obxectivos propostos. A falta de colaboración ocasionará a baixa definitiva do plan e por ende do censo específico da Remip.

### **B) Monitorización marisqueira:**

1. Avaliación dos bancos marisqueiros antes e despois de cada campaña de extracción. Ao comezo e ao remate das campañas de extracción dos diferentes recursos explotados dos bancos marisqueiros da reserva, a asistencia técnica realiza unha mostraxe de avaliación da situación dos bancos. Dependendo do areal do que se trate, ben mediante transectos ou ben con calicatas distribuídas ó longo do banco, recóllense exemplares das diferentes especies existentes obxecto que son medidos e pesados.

2. Estudio da estrutura de tallas das especies presentes nos bancos marisqueiros: mensualmente e de forma diaria segun a especie explotada se realizan medidas de talla dos individuos comerciais recollidos polas mariscadoras para a súa comercialización.

### **C) Informes técnicos:**

Elabóranse informes técnicos cós resultados obtidos da análise da información recompilada previamente, incluíndo neles suxestións sobre melloras e recomendacións para un bo funcionamento da reserva mariña.

Cada informe leva os seguintes epígrafes:

#### a) Monitorización pesqueira:

- Evolución das capturas da frota que opera dentro da reserva.
- Análise das principais especies explotadas na reserva.
- Análise da estrutura de tallas das especies.

#### b) Monitorización marisqueira:

- Evolución dos recursos extraídos dos bancos marisqueiros.
- Análise da estrutura de tallas das especies.
- Avaliación dos bancos marisqueiros entre campañas de extracción.

Os informes son remitidos ao Oxesco da reserva mariña para axudar a avaliar o estado das diferentes pesqueiras da reserva e o propio "efecto reserva" cá presenza de tamaños maiores dos individuos ou o aumento da biomasa de stocks explotados.

O seguimento dun protocolo de actuación adecuado permitirá a avaliación continua de todos os parámetros que interveñen na xestión sostible da reserva mariña "Ría de Cedeira".

No **anexo VIII** amósanse as gráficas máis relevantes das principais pesqueiras do ámbito territorial da Remip "Ría de Cedeira" que á súa vez son base do propio PXI.

A confraría de pescadores de Cedeira colabora co departamento de Recursos Mariños e Pesqueiras da UDC e có CIMA na realización de diferentes estudos científicos tanto na Remip como nos límites da mesma co fin de observar o “efecto reserva”.

### **6.2. As medidas de control na reserva**

#### **6.2.1. O control das entradas e saídas**

Aínda que a maioría das actividades profesionais permitidas na reserva realízanse exclusivamente, para unha mesma xornada de traballo, dentro do seus límites, existen algunhas como a recollida de percebe, anémona e ourizo, ao igual que a pesca recreativa, que poden alternar a extracción de recursos en zonas dentro e fóra dos límites da reserva nunha mesma xornada.

Por esta razón, e para ter constancia do esforzo pesqueiro real que se está a exercer dentro da reserva, establécese un protocolo de control de entrada e saída da reserva para estas embarcacións.

Para facilitar as labores do seguimento científico e o control da actividade pesqueira, os armadores das embarcacións que se dispoñan a entrar ou saír do ámbito da reserva mariña, teñen que comunicar (por VHF, por teléfono ou en persoa) na lonxa de Cedeira ou o servizo de vixilancia da confraría a actividade realizada e facilitarlles os seguintes datos:

- Nome da embarcación.
- Hora de entrada e saída.
- De ser o caso, capturas efectuadas ata ese momento.
- De ser o caso, número de artes que deixan caladas e posición destas.

Ademais realizarase un control aleatorio por parte dos gardapescas da confraría para comprobar que as embarcacións que traballan na reserva cumpren coa normativa do PXI.

#### **6.2.2. O control das descargas**

O elemento clave do seguimento dos desembarques é a existencia dun punto de control para a recompilación dos datos reais sobre o estado dos diferentes recursos, ao tempo que se verifica o cumprimento das medidas de xestión vixentes na reserva, tanto as establecidas polo PXI como, na súa ausencia, as marcadas polas normas xerais: control de tallas, pesos, topes establecidos, descartes, exemplares ovados, etc.

O punto de control tamén é fundamental para o traballo do persoal asignado ao seguimento científico á hora de obter datos da actividade pesqueira dentro da reserva (número de caceas e lances, zonas de largado, tallas, pesos...).

Toda a información, unha vez recompilada e analizada, servirá de base aos informes técnicos, e permitirá coñecer e valorar a eficacia das medidas de ordenación e xestión, propoñer modificacións ou a aplicación de novas normas á hora de acadar unha maior

sustentabilidade da actividade extractiva e a recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros.<sup>15</sup>

### 6.2.3. O protocolo do punto de control

Como parte fundamental do funcionamento da Remip "Ría de Cedeira", é obrigatorio que todas as capturas realizadas dentro dos seus límites sexan declaradas no momento da súa descarga, independentemente do lugar onde se vaia realizar a súa venda. Para isto, establécense varios puntos de control das descargas:

1. A Casa do Pescador de Cedeira: punto de control para o berberecho, longueirón vello e ostra rizada extraído da praia da Magdalena.
2. A caseta sita na praia de Vilarrube: punto de control da cadelucha extraída na praia de Vilarrube e o berberecho, ameixa fina, ameixa babosa e bígaro extraído na Ensenada.
3. O Alfunil e O Cubilote: punto de control para o berberecho, ameixa fina, ameixa babosa e bígaro extraído da Enseada de Esteiro e Pantin.
4. Nas zonas de extracción de recursos específicos coa especialidade de mergullo mediante o uso de embarcación.
5. A lonxa e o peirao de Cedeira: punto de control para o resto de pesqueiras da reserva.

Nestes puntos tanto o persoal encargado do control e vixilancia dos bancos marisqueiros como a persoa encargada do seguimento científico, comprobando os topes, as tallas, o peso, nº de exemplares... có fin de acadar un rexistro diario fiable da produtividade do espazo protexido.

Ademais do exposto anteriormente, todas as embarcacións do censo estarán sometidas a controis esporádicos e aleatorios no mar, tanto por parte do servizo de vixilancia da reserva como pola subdirección xeral de Gardacostas de Galicia.

### 6.3. A vixilancia na reserva: dotación e funcións

A vixilancia da reserva finánciase a través das ordes de axudas destinadas para o control e protección dos recursos e dos hábitats costeiros.

O equipo de vixilancia da REMIP "Ría de Cedeira", na actualidade, está formado por catro gardapescas (organizados en quendas diúrnas e nocturnas). As súas funcións non se limitan en exclusiva ao ámbito da REMIP senón que tamén coa vixilancia do resto do ámbito da Confraría.

---

<sup>15</sup> Nos informes do seguimento científico non figurará información de xeito nominal, polo que non se incluírán nomes nin de embarcacións nin de mariscadoras.

Para levar a cabo o seu traballo contan cunha lancha de vixilancia cedida á confraría de Cedeira pola Consellería do Mar e un vehículo catro por catro.

O equipo de vixilancia ten encomendadas as seguintes funcións:<sup>16</sup>

<b>1</b>	Verificar, no punto de control, as capturas das embarcacións profesionais e mariscadoras que traballan dentro da reserva:
<b>2</b>	Levar a cabo o control das tallas e dos pesos
<b>3</b>	Realizar controis mensuais de tallas e pesos na propia lonxa de Cedeira das embarcacións que faenan dentro da REMIP
<b>4</b>	Realizar controis mensuais de talla nos puntos de control ou "in situ" nos propios areas das diferentes especies marisqueiras (berberecho, ameixa, bígaro...).
<b>5</b>	Controlar o furtivismo, establecendo un estrito orden de prioridades atendendo á necesidade dunha maior protección das zonas máis accesibles.
<b>6</b>	Realizar controis aleatorios no mar ás diferentes embarcacións tanto profesionais como recreativas.
<b>7</b>	Colaborar coa subdirección xeral de Gardacostas de Galicia e os corpos e forzas de seguridade da Comunidade Autónoma e do Estado, en calidade de axentes auxiliares da autoridade, así como utilizar os dispositivos de alarma establecidos.
<b>8</b>	Ter unha comunicación fluída co persoal e a subdirección xeral de Gardacostas de Galicia e coa unidade operativa de Celeiro responsable da zona de traballo dos socios da confraría.
<b>9</b>	Intervir, de acordo á lexislación vixente, nos casos de sinistros e accidentes en xeral no mar. E, de igual xeito, dar aviso da aparición de verteduras que poidan representar un risco para o medio mariño.

---

<sup>16</sup> Os datos obtidos serán remitidos polos gardapescas da Confraría á Asistencia Técnica da mesma cunha periodicidade mensual.

**ANEXO I**

Relación de embarcacións con arqueo igual ou inferior a 1,5 GT incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira

					ARTES PERMITIDAS DENTRO DA REMIP		
	PORTO BASE	EMBARCACIÓN	MATRICULA	FOLIO	ANZOL	ENMALLE	NASAS
1	CEDEIRA	A TRAIORA	FE-4	2-12	PALANGRILLO	TRASMALLO	NECORA - CAMARON
2	CEDEIRA	CANOURA	FE-4	2/02	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
3	CEDEIRA	ANGEL	FE-4	1-96	LIÑA-CORDEL		
4	CEDEIRA	ANTONIO	FE-3	1871	PALANGRILLO	TRASMALLO	NASA POLBO
5	CEDEIRA	ANXO MARIA	FE-4	16/01	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA- CAMARON
6	CEDEIRA	BUEN VIAJE	CO-4	1287	PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
7	CEDEIRA	CAJALLO	FE-4	1-01	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA POLBO
8	CEDEIRA	CANDIDA AV	FE-4	3-03	LIÑA-CORDEL		NECORA- CAMARON
9	CEDEIRA	FANXE	FE-3	1953		TRASMALLO	NECORA- CAMARON
10	CEDEIRA	O FREDY	FE-5	1-15	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA- CAMARON
11	CEDEIRA	JESUSYJAVIERIII	FE-3	1632	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		
12	CEDEIRA	HORA BUENA	VI-4	5553	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA CENTOLA
13	CEDEIRA	ILLA GABEIRA	FE-4	14-01	PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
14	CEDEIRA	IRENE	CO-2	3397	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NASA POLBO NECORA-
15	CEDEIRA	JESUSA	FE-3	1624	LIÑA-CORDEL	MEDIOMUNDO	NECORA- CAMARON
16	CEDEIRA	IKER	FE-5	1-12	PALANGRILLO		NECORA- CAMARON
17	CEDEIRA	MARICHELO	FE-3	1943	LIÑA-CORDEL		
18	CEDEIRA	MARICHELO	FE-3	1889		TRASMALLO	NECORA- CAMARON
19	CEDEIRA	O ALTAR	FE-4	1-13	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA- CAMARON
20	CEDEIRA	O CANOURA	FE-5	1-16	PALANGRILLO NASA POLBO	MEDIOMUNDO	NASA CENTOLA
21	CEDEIRA	O GUERRERO	VI-3	1922	LIÑA-CORDEL		NECORA- CAMARON
22	CEDEIRA	PALOMA	VILL-3	3/99	PALANGRILLO		NECORA- CAMARON
23	CEDEIRA	PERELLO	FE-4	13-01	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		

---

## PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL 2024-2026

---

24	CEDEIRA	PLUS ULTRA	VILL-2	2838	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA- CAMARON
25	CEDEIRA	SEGAÑO UNO	FE-4	1-02	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO		NECORA- CAMARON
26	CEDEIRA	SUSANA	CO-4	1556	PALANGRILLO		

**ANEXO II**

Relación de mariscadoras/es a pé incluídas no censo da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira

	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Nº DNI</b>	<b>Nº PERMISO</b>
<b>1</b>	ALONSO BUSTABAD M <sup>a</sup> DEL PILAR	***1231**	15 C11 99906 Z8
<b>2</b>	ALONSO BUSTABAD M <sup>o</sup> DEL CARMEN	***1231**	15 C11 00285 Z8
<b>3</b>	BELLON COSTA , SUSANA	***1885**	15 C11 00278 Z8
<b>4</b>	LÓPEZ BELLÓN , M <sup>a</sup> MAGDALENA	***2903**	15 C11 00283 Z8
<b>5</b>	LÓPEZ RODRÍGUEZ, JOSE MANUEL	***0972**	15 C11 00288 Z8
<b>6</b>	MARTÍNEZ BUSTABAD , SANDRA M <sup>a</sup>	***1390**	15 C11 00277 Z8
<b>7</b>	MIMBRERO RODRÍGUEZ, FRANCISCO	***1391**	15 C11 00294 Z8
<b>8</b>	PÉREZ PÉREZ , M <sup>a</sup> DEL CARMEN	***0766**	15 C11 00064 Z8
<b>9</b>	PÉREZ SÁNCHEZ , M <sup>a</sup> LUISA	***6309**	15 C11 00284 Z8
<b>10</b>	PICOS RODRÍGUEZ, M <sup>a</sup> THAIS	***0463**	15 C11 00289 Z8
<b>11</b>	PITA FONTICOBA, JOSE ANGEL	***1396**	15 C11 00293 Z8
<b>12</b>	RAMOS GARCÍA M <sup>o</sup> DEL CARMEN	***0818**	15 C11 00287 Z8
<b>13</b>	RAMOS RODRÍGUEZ RAQUEL	***9561**	15 C11 00279 Z8
<b>14</b>	RODRIGUEZ CHEDA , M <sup>a</sup> ELENA	***0456**	15 C11 00280 Z8
<b>15</b>	SANTALLA PRADOS , VERÓNICA	***9346**	15 C11 00281 Z8
<b>16</b>	SEDES GONZÁLEZ, LEANDRO	***1131**	15 C11 00292 Z8

**ANEXO III**

Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, habilitadas para a captura de percebe.

	<b>PORTO BASE</b>	<b>EMBARCACIÓN</b>	<b>MATRICULA</b>	<b>FOLIO</b>	<b>HABILITACIÓNS</b>
1	CEDEIRA	A TRAIORA	FE-4	2-12	2
2	CEDEIRA	CANOURA	FE-4	2/02	2
3	CEDEIRA	ANGEL	FE-4	1-96	2
4	CEDEIRA	ANTONIO	FE-3	1871	1
5	CEDEIRA	ANXO MARIA	FE-4	16/01	2
6	CEDEIRA	BUEN VIAJE	CO-4	1287	1
7	CEDEIRA	CAJALLO	FE-4	1-01	2
8	CEDEIRA	CANDIDA AV	FE-4	3-03	2
9	CEDEIRA	FANXE	FE-3	1953	1
10	CEDEIRA	FALCOEIRA	FE-4	10-05	3
11	CEDEIRA	FOLELLO	FE-4	20/05	2
12	CEDEIRA	GIL BALTAR	FE-4	3-91	2
13	CEDEIRA	HORA BUENA	VI-4	5553	1
14	CEDEIRA	IKER	FE-5	1-12	2
15	CEDEIRA	ILLA GABEIRA	FE-4	14-01	2
16	CEDEIRA	IRENE	CO-2	3397	3
17	CEDEIRA	JESUSA	FE-3	1624	2
18	CEDEIRA	LEISON	FE-4	2-03	2
19	CEDEIRA	MASCATO UN	FE-4	9-05	2
20	CEDEIRA	NUEVA CEDEIRA	FE-3	3-91	2
21	CEDEIRA	NUEVO JUANA	FE-4	1-00	2
22	CEDEIRA	NUEVO NOY	FE-4	06-00	2
23	CEDEIRA	O ALTAR	FE-4	1-13	2
24	CEDEIRA	O CANOURA	FE-5	1-16	3
25	CEDEIRA	O FREDY	VILL-1	3088	1
26	CEDEIRA	O GUERRERO	VI-3	1922	2
27	CEDEIRA	O MEIXON	CO-1	1-09	1
28	CEDEIRA	PALOMA	VILL-3	3/99	2
29	CEDEIRA	PERELLO	FE-4	13-01	2
30	CEDEIRA	PLAYA DE SONREIRA	FE-4	2/07	2
31	CEDEIRA	PLUS ULTRA	VILL-2	2838	3
32	CEDEIRA	SEGAÑO UNO	FE-4	1-02	2
33	CEDEIRA	SUSANA	CO-4	1556	2
34	CEDEIRA	JESUS Y JAVIER III	FE-3	1632	1

**ANEXO IV**

Relación de embarcacións incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro " Ría de Cedeira ", habilitadas para a captura de patexo




	PORTO BASE	EMBARCACIÓN	MATRICULA	FOLIO	ARTE
1	CEDEIRA	IKER	FE-3	1902	PALANGRILLO
2	CEDEIRA	CHIRLATEIRA	FE-3	2-94	PALANGRILLO
3	CEDEIRA	FALCOEIRA	FE-4	10-05	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO
4	CEDEIRA	FOLELLO	FE-4	20/05	PALANGRILLO
5	CEDEIRA	GIL BALTAR	FE-4	3-91	PALANGRILLO
6	CEDEIRA	LEISON	FE-4	2-03	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO
7	CEDEIRA	LUCERO UNO	FE-4	3-/04	PALANGRILLO
8	CEDEIRA	MASCATO UN	FE-4	9-05	PALANGRILLO
9	CEDEIRA	NUEVA CEDEIRA	FE-3	3-91	PALANGRILLO
10	CEDEIRA	NUEVO JUANA	FE-4	1-00	PALANGRILLO
11	CEDEIRA	NUEVO MADRE DOLORES	GI-8	1--08	PALANGRE DE FONDO
12	CEDEIRA	NUEVO NOY	FE-4	06-00	PALANGRILLO
13	CEDEIRA	O JOSE RAMON	FE-4	21-05	PALANGRILLO
14	CEDEIRA	O MEIXON	CO-1	1--09	PALANGRILLO
15	CEDEIRA	PEDRA DO PEIXE	FE-4	1/07	PALANGRILLO
16	CEDEIRA	PLAYA DE SONREIRA	FE-4	2/07	PALANGRILLO
17	CEDEIRA	SEGUNDA BELEN	FE-3	2-99	PALANGRILLO
18	CEDEIRA	SEIXO BRANCO PRIMEIRO	CO-2	5-02	LIÑA-CORDEL
19	CEDEIRA	SIELAN	FE-4	4-12	LIÑA-CORDEL PALANGRILLO

**ANEXO V**

Gráficas máis relevantes das principais especies marisqueiras do ámbito territorial da Remip




**Gráficas máis relevantes do areal da Magdalena**

**OSTRA RIZADA**






## PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL 2024-2026



### LONGUEIRON VELLO



Gráficas máis relevantes do areal de Vilarrube




CADELUCHA








Gráficas máis relevantes das ensenadas de Esteiro e Pantín




AMEIXA FINA






BÍGARO









BERBERECHO











**PERCEBE**





OURIZO





## **Anexo VI GLOSARIO**

### **Actividade pesqueira**

Buscar peixe, largar, calar, remolcar ou halar un arte de pesca, subir capturas a bordo, transbordar, levar a bordo, transformar a bordo, trasladar, engaiolar, engordar e desembarcar peixe e produtos da pesca.

### **Área Mariña Protexida (AMP)**

*Segundo UICN:* unha área mariña protexida é un espazo xeográfico claramente definido, recoñecido, dedicado e xestionado, mediante medios legais ou outros tipos de medios eficaces, para conseguir a conservación a longo prazo da natureza e dos seus servizos ecosistémicos e os seus valores culturais asociados.<sup>17</sup>

*Segundo CDB:* unha área mariña e costeira protexida é toda área comprendida dentro dun ambiente mariño ou adxacente a este, xunto coas augas que a cobren e a flora e fauna e os aspectos históricos e culturais asociados que houberan sido reservada por lei ou outros medios efectivos, incluídas as costumes, e cuxo efecto é que a súa biodiversidade mariña ou costeira goza nela dun nivel de protección maior que as zonas que a rodean.<sup>18</sup>

### **Autorización de pesca**

Autorización expedida a nome dun buque pesqueiro da Unión, cando proceda ademais da súa licencia de pesca, que o faculta para realizar actividades pesqueiras específicas durante un período determinado, nunha zona determinada ou para unha pesqueira determinada, nunhas condicións concretas.

### **Biodiversidade (diversidade biolóxica)**

A variabilidade entre os organismos vivos de todas as procedencias, incluíndo, entre outros, os ecosistemas terrestres, mariños e acuáticos e os complexos ecolóxicos dos que forman parte. Inclúe a diversidade dentro e entre as especies e a diversidade dos ecosistemas.<sup>19</sup>

### **Biomasa de poboación reprodutora**

A estimación da masa de peixes dunha poboación de peixes particular que se reproduce nun momento concreto e inclúe tanto aos exemplares machos e femias como ás especies vivíparas.

### **Bo estado medioambiental**

O estado medioambiental das augas mariñas tal como se define no artigo 3, apartado 5, da Directiva 2008/56/CE.

---

<sup>17</sup> Dudley, 2008. UICN. Resolución 17.38 da Asemblea Xeral da UICN (referendada pola Resolución 19.46 en 1994.

<sup>18</sup> CDB, 2004. A Comisión Mundial de Áreas Protexidas é unha rede especializada de áreas protexidas administrada polo Programa de áreas protexidas da UICN.

<sup>19</sup> CDB, 2000.

## **Buque pesqueiro**

Buque de captura ou calquera outro buque utilizado para a explotación comercial de recursos biolóxicos mariños, incluídos os buques de apoio, os buques de transformación de peixe, os buques que interveñen en transbordos, os remolcadores, os buques auxiliares e os buques de transporte utilizados para trasladar produtos da pesca, pero excluídos os buques portacontenedores e os buques utilizados exclusivamente para a acuicultura.

## **Cambio climático**

O cambio climático é unha cuestión moi pertinente para as AMP porque os efectos adversos do clima poden socavar a capacidade das AMP de manter a integridade das poboacións e protexer o hábitat e a biodiversidade. Dado que a distribución da biota responde ao cambio climático, algunhas AMP que segundo as pautas de distribución tradicionais estaban localizadas en lugares estratéxicos poderían hoxe xa non estar situadas nun sitio adecuado. Unha rede de AMP, que é capaz de ofrecer unha protección que se axusta ás variacións climáticas e na cal as pautas de distribución biolóxica responden aos cambios, pode representar unha solución máis eficaz que a implantación dunha AMP única. Sen embargo, os cambios climáticos a longo prazo son difíciles de prognosticar; e este reto tamén fai necesario prever accións de ordenación adaptativa que se aplicaron cun criterio de flexibilidade.

## **Capacidade pesqueira**

O arqueo dun buque expresado en GT (arqueo bruto) e a súa potencia expresada en kW (quilovatios), tal como se definen nos artigos 4 e 5 do Regulamento (CEE) no. 2930/86 del Consello.

Segundo a FAO: A cantidade de peixe (ou esforzo pesqueiro) que un buque ou unha flota pesqueira plenamente utilizada poden producir durante un certo período (por exemplo, durante un ano dunha tempada de pesca) respecto a unha determinada condición do recurso.<sup>20</sup>

## **Captura incidental**

Organismos capturados accidentalmente por unha pesqueira ademais da especie obxectivo ou os exemplares de certa gama de tamaños da mesma especie. A parte da captura incidental sen valor económico normalmente se descarta e devolve ao mar, xeralmente morta ou moribunda.<sup>21</sup>

## **Criterio de precaución da xestión da pesca**

No sentido do artigo 6 do Acordo das Nacións Unidas sobre as poboacións de peixes, o enfoque en base ao cal a falta de información científica suficiente non debe servir de xustificación para pospoñer ou para non adoptar medidas de xestión destinadas a conservar as especies principais, así como as especies asociadas ou dependentes, as especies acompañantes e o medio no que se encontran.

---

<sup>20</sup> Glosario de pesca da FAO ([www.fao.org/fi/glossary/](http://www.fao.org/fi/glossary/))

<sup>21</sup> FAO, 2003.

### **Datos de posición do buque**

Datos relativos á identificación do buque pesqueiro, a súa posición xeográfica, a data, a hora, o rumbo e a velocidade transmitidos ao centro de seguimento de pesca do Estado membro de pavillón mediante dispositivos de localización a bordo dos buques pesqueiros.

### **Desembarque**

Primeira descarga de produtos da pesca, en calquera cantidade, desde un buque pesqueiro a terra.

### **Ecosistema**

Unha unidade organizada consistente nun conxunto de plantas, animais (incluído o ser humano) e microorganismos, xunto aos compoñentes non vivos do medio ambiente.<sup>22</sup>

### **Enfoque ecosistémico (EE)**

O enfoque ecosistémico (ou por ecosistemas) é unha estratexia para a xestión integrada de terras, extensións de augas e recursos vivos pola que se promove a conservación e a utilización sostible e equitativa de ditos recursos. O enfoque ecosistémico baséase na aplicación de metodoloxías científicas adecuadas, enfocadas en niveis de organización biolóxica que abarcan os procesos esenciais, as funcións e as interaccións entre os organismos e o seu medio ambiente. En dito enfoque recoñécese que os seres humanos, coa súa diversidade cultural, constitúen un compoñente integral dos ecosistemas.<sup>23</sup>

### **Enfoque ecosistémico da pesca (EEP)**

Mediante o enfoque ecosistémico da pesca procúrase equilibrar os diversos obxectivos da sociedade, tendo en conta os coñecementos e incertidumes relativos aos compoñentes bióticos, abióticos e humanos dos ecosistemas e das súas interaccións, e aplicar un enfoque integrado á pesca dentro de límites ecolóxicos fidedignos. O obxectivo do enfoque ecosistémico da pesca é planificar, desenvolver e ordenar a pesca a fin de abordar as múltiples necesidades e aspiracións das sociedades, sen poñer en risco a posibilidade de que as xeracións futuras se beneficien da ampla gama de bens e servizos que poden obterse dos ecosistemas mariños.<sup>24</sup>

### **Enfoque ecosistémico da xestión da pesca**

Un enfoque integrado da xestión da pesca dentro de límites ecoloxicamente significativos, que procura xestionar o uso dos recursos naturais, tendo en conta as actividades pesqueiras e outras actividades humanas, á vez que se conservan a riqueza biolóxica e os procesos biolóxicos necesarios para salvagardar a composición, a estrutura e o funcionamento dos hábitats do ecosistema de que se trate, tendo en conta os coñecementos e as incertezas en canto aos compoñentes bióticos, abióticos e humanos dos ecosistemas.

---

<sup>22</sup> Ibid.

<sup>23</sup> CDB, 2000.

<sup>24</sup> FAO, 2003.

### **Esfuerzo pesqueiro**

O produto da capacidade e a actividade dun buque pesqueiro; tratándose dun grupo de buques, a suma dos esforzos pesqueiros de todos os buques do grupo.

Representa a magnitude total da actividade pesqueira na zona de pesca durante un período determinado, expresado moitas veces para un tipo específico de arte, como o número de horas diarias de arrastre, o número de anzois lanzados nun día ou o número de veces que se cobra unha rede de cerco, por día. Moitas veces o esforzo de pesca se mediría como o produto de: i) o tempo total dedicado á pesca; e ii) a cantidade de artes de pesca dun tipo determinado utilizados na zona de pesca durante unha unidade de tempo dada. Cando se utilizan dous ou máis tipos de artes é preciso axustalos a un tipo estándar a fin de derivar e estimar o esforzo de pesca total.<sup>25</sup>

### **Especies obxectivo**

Son as especies que maior interese teñen para os pescadores nunha pesqueira determinada. Son o obxecto cara o cal se orienta o esforzo de pesca. Poden existir especies obxectivo primarias e secundarias.<sup>26</sup>

### **Especie sensible**

Una especie sensible tal como se define no artigo 6, punto 8, do Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello. Tamén, unha especie cuxo estado de conservación, o que inclúe o seu hábitat, distribución, tamaño da poboación ou estado da poboación, se ve negativamente afectado polas presións derivadas das actividades humanas, incluídas as actividades pesqueiras. En concreto, entre as especies sensibles se inclúen as especies enumeradas nos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE, as especies cubertas pola Directiva 2009/147/CE e as especies cuxa protección é necesaria para a consecución dun bo estado medioambiental conforme á Directiva 2008/56/CE.

### **Estado de conservación dunha especie**

Conxunto de influencias que actúan sobre a especie de que se trate que poden afectar a longo prazo á distribución e a abundancia das súas poboacións.

### **Estado de conservación dun hábitat**

Conxunto de influencias que actúan sobre un hábitat natural e sobre as especies típicas asentadas no mesmo que poden afectar a longo prazo a súa distribución natural, a súa estrutura e as súas funcións, así como á supervivencia a longo prazo das súas especies típicas.

### **Gobernanza**

Os acordos, institucións e costumes formais e informais que determinan como se utilizan os recursos e o medio ambiente; como se avalían e analizan os problemas e oportunidades;

---

<sup>25</sup> Ibid.

<sup>26</sup> Ibid.

que comportamento se considera aceptable ou prohibido, e que regras e sancións se aplican co obxecto de influír nas pautas de uso dos recursos e o medio ambiente.<sup>27</sup>

### **Hábitat sensible**

Un hábitat cuxo estado de conservación, o que inclúe a súa extensión e a condición (estrutura e función) dos seus compoñentes bióticos e abióticos, vese negativamente afectado polas presións derivadas das actividades humanas, incluídas as actividades pesqueiras. En concreto, entre os hábitats sensibles inclúense os tipos de hábitat enumerados no anexo I e os hábitats de especies que figuran no anexo II da Directiva 92/43/CEE, os hábitats das especies enumeradas no anexo I da Directiva 2009/147/CE, os hábitats cuxa protección é necesaria para a consecución dun bo estado medioambiental de conformidade coa Directiva 2008/56/CE e os ecosistemas mariños vulnerables, tal como se definen no artigo 2, letra b), do Regulamento (CE) no. 734/2008 do Consello.

### **Indicador de resultados da selectividade**

Instrumento de referencia para facer un seguimento dos avances realizados ao longo do tempo na consecución do obxectivo da PPC de reducir ao mínimo as capturas non desexadas.

### **Índice de mortalidade por pesca**

A taxa á que a biomasa ou os individuos son eliminados dunha poboación mediante operacións de pesca nun período determinado.

### **Licencia de pesca**

Documento oficial que faculta ao seu titular, conforme á normativa nacional, para utilizar unha capacidade pesqueira determinada para a explotación comercial de recursos biolóxicos mariños.

### **Límite de capturas**

Segundo corresponda, ben un límite cuantitativo de capturas dunha poboación ou grupo de poboacións de peixes nun período concreto no que ditas poboacións ou grupos de poboacións estean suxeitas a unha obriga de desembarque, ou ben un límite cuantitativo dos desembarques dunha poboación ou grupo de poboacións de peixes, nun período concreto no que a obriga de desembarque non se aplica.

### **Lonxitude de selectividade óptima**

Lonxitude media das capturas proporcionada polo mellor asesoramento científico dispoñible, que optimiza o crecemento dos exemplares dunha poboación.

### **Marco de ordenación espacial mariña**

Os marcos de ordenación espacial mariña teñen como principais características: i) unha base ecosistémica, equilibrando metas e obxectivos biolóxicos, ecolóxicos, económicos e sociais co propósito de lograr o desenvolvemento sostible; ii) son de natureza integral, transcendendo os sectores, os organismos e as instancias gobernamentais; iii) son

---

<sup>27</sup> Juda, 1999.

privativos dunha localidade ou un área, cuxa perspectiva é a adxudicación e o uso do espazo; iv) son adaptativos, debido ao proceso de aprendizaxe fundado na experiencia; v) son estratéxicos e anticipatorios, debido ao seu enfoque de longo prazo; e vi) son de índole participativa, debido a que aseguran unha participación activa dos interesados.

### **Medidas de ordenación pesqueira**

Conxunto de controis específicos que se aplican nunha pesqueira para lograr os seus obxectivos, incluídos os controis de entrada (limitacións do esforzo pesqueiro), os controis de saída (cotas de capturas), as medidas técnicas (regulacións sobre os aparellos de pesca, zonas cerradas e peches temporais), e os incentivos socioeconómicos (dereitos de acceso e de uso).<sup>28</sup>

### **Medidas técnicas**

As medidas que regulan a composición das capturas por especies e tallas e os seus efectos nos ecosistemas como resultado das actividades pesqueiras, a través do establecemento de condicións relativas á utilización e a estrutura dos artes de pesca e restricións de acceso a zonas de pesca.

### **Mortalidade debida á pesca**

A mortalidade debida á pesca (F) é a proporción de peixes dispoñibles que foron retirados como consecuencia da pesca. Normalmente se expresa como un índice instantáneo que debería reflectir todas as mortes que ocorreron na poboación a causa da pesca, e non so o peixe efectivamente desembarcado. A efectos da ordenación, é importante tomar en conta a forma de distribución de F entre os distintos grupos de idade.<sup>29</sup>

### **Normas da política pesqueira común**

Actos xuridicamente vinculantes da Unión e obrigas internacionais aplicables desta relacionados coa conservación, a xestión e a explotación dos recursos biolóxicos mariños, coa acuicultura e coa transformación, o transporte e a comercialización de produtos da pesca e a acuicultura.

### **Operación de pesca**

Calquera actividade relacionada coas tarefas de buscar peixe, largar, remolcar e halar artes de pesca activos, calar, mergullar, retirar ou recolocar artes pasivos e retirar capturas das artes e de redes de contención ou dunha gaiola de transporte para o seu traslado a gaiolas de engorde e cría.

### **Ordenación adaptativa**

A ordenación adaptativa é un concepto fundamental que subxace á avaliación da eficacia da xestión e que pode aplicarse tamén a outros tipos de sistemas. A eficiencia da xestión (referida ás estruturas administrativas e aos procedementos) pode intensificarse aplicando os métodos de ordenación adaptativa. Este tipo de ordenación é un proceso cíclico que consiste en probar sistematicamente as suposicións, adquirir coñecementos derivados da avaliación das probas e revisar e mellorar novamente as prácticas de ordenación. Os

---

<sup>28</sup> Cochrane, 2002.

<sup>29</sup> FAO, 1999; e Glosario de pesca da FAO ([www.fao.org/fi/glossary/](http://www.fao.org/fi/glossary/)).

resultados obtidos gracias á ordenación adaptativa fan que as metas e obxectivos que se busca lograr mediante as AMP se alcancen mais rapidamente.

### **Patrón de explotación**

Como se distribúe a mortalidade pesqueira entre o perfil de idade e o tamaño dunha poboación.

### **Pesca con escaso impacto**

A utilización de técnicas pesqueiras selectivas cun impacto negativo escaso nos ecosistemas mariños, baixas emisións de combustible ou ambos.

### **Pesca recreativa**

Actividades pesqueiras non comerciais que exploten recursos biolóxicos mariños con fins recreativos, turísticos ou deportivos.

### **Pesca selectiva**

A pesca con métodos ou artes de pesca que teñen como obxectivo e capturan os organismos por talla ou especie durante a operación de pesca, permitindo evitar as capturas de exemplares que non se axusten aos obxectivos, ou libéralos sen dano algún.

### **Pesqueira**

Suma de todas as actividades de pesca dun determinado recurso, por exemplo, a pescada ou o camarón, ou ás actividades dun único tipo ou método de pesca dun recurso, por exemplo, a pesca con redes de cerco de praia ou a pesca de arrastre.<sup>30</sup>

### **Poboación**

Un recurso biolóxico mariño existente nunha zona de xestión determinada.

### **Poboación de peixes (recurso pesqueiro)**

Os recursos vivos da comunidade mariña ou poboación íctica da cal proveñen as capturas realizadas por unha pesqueira. Dentro dunha determinada pesqueira, a poboación pode consistir nunha ou varias especies de peixes, pero a definición pretende tamén incluír vertebrados comerciais e plantas. Desde o punto de vista da ordenación pesqueira, a definición máis apropiada de «unidade de poboación íctica» é probablemente a proposta por Gulland (1969; 1983), quen formulou, en base a criterios operativos e prácticos, que un grupo de peixes pode ser considerado como «poboación», e manexado como unha unidade independente, si os resultados da avaliación e as repercusións das medidas de ordenación non difiren significativamente do que serían no caso dunha poboación independente.<sup>31</sup>

### **Poboación íctica**

Grupo de peces dunha poboación que comparten trazos ecolóxicos e xenéticos comúns e ocupan o mesmo espazo xeográfico. As poboacións ícticas definidas con fins de avaliación

---

<sup>30</sup> FAO, 2003.

<sup>31</sup> FAO, 2006.

de poboacións y de ordenación non coinciden necesariamente coas poboacións autónomas.<sup>32</sup>

### **Poboación dentro de límites biolóxicos seguros**

Unha poboación cunha probabilidade alta de que a súa biomasa de reprodutores estimada ao fin do último ano sexa superior ao punto de referencia límite da biomasa (Blim) e o seu índice de mortalidade por pesca estimado para o último ano sexa menor que o punto de referencia límite do índice de mortalidade por pesca (Flim).

### **Produtos da pesca**

Organismos acuáticos resultantes da actividade pesqueira ou os produtos derivados destes.

### **Posibilidade de pesca**

Dereito legal cuantificado de pesca, expresado en capturas ou en esforzo pesqueiro.

### **Punto de referencia**

O punto de referencia indica un estado particular dun indicador pesqueiro correspondente a unha situación considerada conveniente («punto de referencia obxectivo»), ou ben non desexable e por tanto que require que se adopten medidas de acción inmediatas («punto de referencia límite» e «punto de referencia limiar»)<sup>33</sup>.

### **Puntos de referencia de conservación**

Os valores dos parámetros das unidades poboacionais (como a biomasa ou o índice de mortalidade por pesca) utilizados na xestión pesqueira, por exemplo, con respecto a un nivel aceptable de risco biolóxico ou a un nivel desexado de rendemento.

### **Recrutamento**

Número de peixes que son engadidos cada ano á poboación explotable na área de pesca por efecto da reprodución e o crecemento de individuos novos que alcanzan un tamaño explotable, ou da migración (é dicir, que os peixes penetran na área de pesca).<sup>34</sup>

### **Recursos biolóxicos mariños**

As especies mariñas acuáticas vivas, dispoñibles e accesibles, incluídas as especies anádromas e catádromas durante a súa vida mariña.

### **Refuxios pesqueiros**

Zonas mariñas ou costeiras definidas espacial e xeograficamente nas cales se aplican medidas de ordenación específicas destinadas a soster ás especies importantes (recursos pesqueiros) durante as etapas críticas de seo ciclo biolóxico con vistas ao seu uso sostible.<sup>35</sup>

---

<sup>32</sup> Basado en Restrepo, 1999.

<sup>33</sup> Caddy e Mahon, 1995.

<sup>34</sup> Glosario de pesca da FAO ([www.fao.org/fi/glossary/](http://www.fao.org/fi/glossary/)).

<sup>35</sup> PNUMA-SCS, s.f.

### **Rendemento máximo sostible**

O rendemento de equilibrio teórico máximo que pode extraerse continuamente, en promedio, dunha poboación nas condicións ambientais medias existentes sen que iso afecte significativamente ao proceso de reprodución.

### **Rendemento sostible**

Cantidade de biomasa ou número de unidades que se poden capturar na actualidade nunha pesqueira sen que iso determine unha diminución a longo prazo da poboación.

### **Repoboación directa**

A actividade de liberar animais salvaxes vivos de especies seleccionadas en augas en que ditas especies se producen naturalmente, co obxecto de utilizar a produción natural do medio ambiente mariño para incrementar o número de exemplares dispoñibles para a pesca ou para incrementar a rexeneración natural.

### **Selectividade**

Unha expresión cuantitativa representada como unha probabilidade de captura de recursos biolóxicos mariños dunha talla ou especie determinadas.

### **Salvagarda**

Unha medida de precaución destinada a evitar algún acontecemento non desexado.

### **Seguimento, control e vixilancia (SCV)**

Actividades emprendidas polos encargados do sistema de cumprimento para asegurar a observancia das regulacións pesqueiras. O conxunto das actividades de SCV comprende: i) o seguimento – a compilación, medición e análise da actividade pesqueira, incluíndo, entre outras, a captura, a composición das especies, o esforzo pesqueiro, as capturas incidentais, a área de operacións, etc.; ii) o control – a especificación dos termos e condicións conforme aos cales se poden capturar as especies; e iii) a vixilancia – a regulación e supervisión das actividades pesqueiras co fin de asegurar a observancia da lexislación nacional, e o cumprimento dos termos e condicións de acceso e das medidas de ordenación.<sup>36</sup>

### **Servizos do ecosistema**

As condicións e procesos a través dos cales os ecosistemas naturais e as especies que os compoñen sosteñen e satisfán as necesidades da vida humana. Como exemplos destes servizos pódese citar o subministro de auga limpa e alimentos (recursos pesqueiros), o mantemento dun clima apto para a vida (absorción de carbono), a polinización dos cultivos e a vexetación nativa, e a satisfacción das necesidades culturais, espirituais e intelectuais das persoas.<sup>37</sup>

---

<sup>36</sup> FAO, 2005.

<sup>37</sup> Ibid.

### **Talla mínima de referencia a efectos de conservación**

A talla dunha especie acuática mariña viva tendo en conta a madurez, establecida pola lexislación da Unión, por debaixo da cal se aplican restricións ou incentivos destinados a evitar a captura mediante a actividade pesqueira; esta talla substitúe, cando procede, á talla mínima de desembarque.

### **Traslado**

Operacións de pesca nas que as capturas, ou unha parte, son transferidas ou trasladadas de artes de pesca compartidos a un buque, ou da adega dun buque ou das artes de pesca a unha rede de contención, un contedor ou unha gaiola fora do buque onde as capturas se manteñan vivas ata o seu desembarque.

### **Transplante**

Proceso mediante o cal o ser humano transporta e libera intencionadamente unha especie en zonas de poboacións establecidas desa especie.

### **Uso, ordenación e dereitos de propiedade**

As medidas de ordenación pesqueira poden ser vistas desde a perspectiva dos dereitos de uso, é dicir os dereitos que posúen os pescadores e as comunidades e que definen quen pode usar os recursos pesqueiros e de que maneira. Os dereitos de uso pódense dividir en dúas categorías: os dereitos de acceso e os dereitos de rescisión. Os dereitos a participar na ordenación dos recursos se coñecen como dereitos de ordenación. Tanto os dereitos de uso como de ordenación caen baixo o encabezamento xeral de dereitos de propiedade, que describen a relación entre as persoas e as diversas formas de propiedade.<sup>38</sup>

### **Uso sostible dos recursos mariños vivos**

Uso dos recursos mariños vivos de maneira e a un ritmo tales que non conduzan ao declive a longo prazo da súa capacidade produtiva, para poder así manter o seu potencial de satisfacer as necesidades e aspiracións das xeracións presentes e futuras.<sup>39</sup>

### **Xestión de riscos**

Determinación sistemática dos riscos e aplicación de todas as medidas necesarias para limitar a súa materialización. Inclúe actividades tales como a recompilación de datos e información, a análise e a avaliación de riscos, a preparación e adopción de medidas, e o seguimento e revisión periódicos do proceso e os seus resultados, a partir de fontes e estratexias internacionais, comunitarias e nacionais.

### **Zona de pesca restrinxida**

Zona mariña específica delimitada xeograficamente dentro dunha ou varias concas marítimas na que a totalidade ou algunhas das actividades pesqueiras están temporal ou permanentemente restrinxidas ou prohibidas a fin de mellorar a conservación dos recursos biolóxicos mariños ou a protección dos ecosistemas mariños con arranxo ás normas da política pesqueira común.

---

<sup>38</sup> Charles, 2002; e FAO, 2005.

<sup>39</sup> Cochrane, 2002.

**Anexo VII**  
**Referencias relacionadas do Código de Conducta para la Pesca Responsable**

<b>1</b>	O Código de Conducta para a Pesca Responsable insta aos Estados a establecer sistemas xurídicos e administrativos eficaces destinados á conservación ordenación dos recursos pesqueiros. Os procesos de adopción de decisións deberán levarse a cabo de maneira transparente, e os usuarios de recursos deberán intervir nos procesos de aplicación. Deberán instaurarse procedementos e mecanismos destinados á resolución de conflitos.
<b>2</b>	O Código de Conducta para a Pesca Responsable prescribe que os Estados poñan en funcións, ademais dos procesos destinados á integración das actividades pesqueiras na ordenación das zonas costeiras, uns marcos normativos, xurídicos e institucionais apropiados para a ordenación pesqueira e a conservación da biodiversidade.
<b>3</b>	No Código de Conducta para a Pesca Responsable afirmase que as decisións relativas á conservación e ordenación pesqueiras deben basearse en factores pertinentes de índole ambiental, económica e social. As intervencións de ordenación de longo prazo coas que se busca lograr os obxectivos de sostibilidade pesqueira e os obxectivos ecosistémicos deberán ser traducidas en accións que desemboquen no deseño de plans ou outros marcos de ordenación. A toma de decisións deberá ser un proceso transparente e contemplar a participación dos interesados.
<b>4</b>	No Código de Conducta para a Pesca Responsable afirmase que as decisións en materia de ordenación pesqueira e a conservación da biodiversidade deben tomarse tendo en conta os factores sociais e económicos pertinentes. No Código recoñécese a importante contribución dos pescadores artesanais e en pequena escala á creación de emprego, á xeración de ingresos e á seguridade alimentaria.
<b>5</b>	No Código de Conducta para a Pesca Responsable afirmase que as decisións en materia de conservación e ordenación pesqueira deberían basearse nos mellores datos científicos dispoñibles, tomando tamén en conta o coñecemento tradicional relacionado cos recursos e os hábitats, ademais dos factores ambientais, sociais e económicos pertinentes. A carencia dunha información adecuada non debería ser motivo para non levar a cabo a protección dos recursos pesqueiros e o seu entorno.

## Anexo VIII BIBLIOGRAFÍA

Alcala, A. C. Effects of marine reserves on coral fish abundances and yields of Philippine Coral Reefs. *Ambio* 17(3): 194-199, 1988.

Alcala, A. C. e RUSS, G. R. A direct test of the effects of protective management on abundance and yield of tropical marine resources. *J. Cons. Int. Explor. Mer*, 46: 40-47, 1990.

BALLANTINE, B. Marine Reserves for New Zealand. *Leigh Laboratory Bulletin, University of Auckland* 25: 1991.

BANCO MUNDIAL. Scaling up marine management: the role of marine protected areas, 2006.

BAYLE, J.T. e RAMOS, A.A. Some population parameters as bioindicators to assess the reserve effect on the fish assemblage. In Boudouresque, Ch.F., Avon, M. & Pergent-Martini, C. edits. GIS Posidonie publ., Fr., 1993: 189-214, 1993.

BELL, J.D. Effects of depth and marine reserve fishing restrictions on the structure of a rocky reef fish assemblage in the North-Western Mediterranean Sea. *J. Appl. Ecol.*, 20: 357-369, 1983.

BISHOP, K., DUDLEY, N., PHILLIPS, A e STOLTON, S. Speaking a Common Language – the uses and performance of the IUCN System of Management Categories for Protected Areas. Cardiff University, UICN y PNUMA/CMMC, 2004.

BORRINI-FEYERABEND, G., KOTHARI, A e OVIEDO, G. Indigenous and Local Communities and Protected Areas: Towards equity and enhanced conservation. Best Practice Protected Area Guidelines Series No. 11. Gland y Cambridge: UICN, 2004.

BRIDGEWATER, P., PHILLIPS, A., GREEN, M. e AMOS, B. Biosphere Reserves and the IUCN System of Protected Area Management Categories. Canberra: Australian Nature Conservation Agency, 1996.

BOHNSACK, J. A. Reef resources habitat protection: The forgotten factor. In: *Stemming the tide of coastal fish habitat lost*. R.H. Strout (De.) Marine Recreational Fisheries 14: 117- 129, 1992.

BOHNSACK, J. A. Maintenance and recovery of reef fishery productivity. In *Reef fisheries*. N.V.C. Polunin & C. M. Roberts (Eds.) Chapman & Hall London: 283-313, 1996.

BROCKMAN, C.F. "Supplement to the Report to the Committee on Nomenclature". In: Adams, A.B. (Ed.) First World Conference on National Parks. Washington, DC: National Park Service, 1962.

CDB. <http://www.cbd.int/programmes/cross-cutting/ecosystem/default.shtml>. 2004.

CLARK, C. W. Marine reserves and the precautionary management of fisheries. *Ecological Applications* 6(2): 369-370, 1996.

CHAPE, S., BLYTH, S., FISH, L., P. FOX, P e SPALDING, M. (Eds). United Nations List of Protected Areas. Gland y Cambridge: UICN y PNUMA-CMMC, 2003.

COCHRANE E GARCIA. A fishery manager's guidebook, 2.a ed., 2009.

DAHLGREN E SOBEL. Marine reserves: a guide to science, design and use, 2004.

DAVEY, A.G. National System Planning for Protected Areas. Best Practice Protected Area Guidelines Series No. 1. Gland y Cambridge: UICN, 1998.

DAY, J. "Zoning: Lessons from the Great Barrier Marine Park". Ocean and Coastal Management 45: 139–156, 2002.

DILLON, B. "The Use of the Categories in National and International Legislation and Policy". PARKS 14(3): 15–22, 2004.

DUDLEY, N., HIGGINS-ZOGIB, L e MANSOURIAN, S. Beyond Belief: Linking faiths and protected area networks to support biodiversity conservation. Gland y Bath: WWF International y Alliance on Religions and Conservation, 2006.

DUDLEY, N e PARRISH, J. Closing the Gap: Creating ecologically representative protected area systems. Technical Series no. 24. Montreal: SCDB, 2006.

DUDLEY, N e PHILLIPS, A. Forests and Protected Areas: Guidance on the use of the IUCN protected area management categories. Best Practice Protected Area Guidelines Series No. 12. Gland y Cambridge: UICN, 2006.

DUDLEY, N e STOLTON, S. "Ecological and socio-economic benefits of protected areas in dealing with climate change". In: Hansen, L.J., J.L. Biringer y J.R. Hoffman (Eds) Buying Time: A user's guide to building resistance and resilience to climate change in natural systems, pp. 217–233. Washington, DC: WWF US, 2003.

EIDSVIK, H. A Framework for Classifying Terrestrial and Marine Protected Areas. Based on the Work of the CNPPA Task Force on Classification, UICN/CNPPA. Unpublished, 1990.

ELLIOTT, H.B. (Ed). Second World Conference on National Parks, Proceedings. Morges: UICN, 1974.

EUROPARC e UICN. Guidelines for Protected Area Management Categories – Interpretation and Application in Europe. Grafenau: EUROPARC, 1999.

FAO. A ordenación Pesqueira. FAO, 1999.

FAO. O enfoque de ecosistemas da pesca. FAO, 2003.

FAO. The ecosystem approach to fisheries: issues, terminology, principles, institutional foundations, implementation and outlook. FAO, 2003.

FAO. Guía do administrador pesqueiro: medidas de ordenación e a súa aplicación. FAO, 2005.

FAO. Report and documentation of the Expert Workshop on Marine Protected Areas and Fisheries Management: review of issues and considerations. FAO, 2007.

FAO. Human dimensions of the ecosystem approach to fisheries: an overview of context, tools and methods. FAO, 2008.

FAO. Mellores prácticas na modelación de ecosistemas para contribuír a un enfoque ecosistémico na pesca (FAO, 2009).

FAO. Dimensións humanas do enfoque ecosistémico da pesca. FAO, 2010.

GRAHAM, J., AMOS, B. e PLUMPTRE, T. Principles for Good Governance in the 21st Century. Policy Brief Number 15. Ottawa: Institute on Governance, 2003.

HOCKINGS, M., STOLTON, S., LEVERINGTON, F., DUDLEY, N e COURRAU, J. Evaluating Effectiveness: A framework for assessing management effectiveness of protected areas. 2nd edition. Gland y Cambridge: UICN, 2006.

HOLDGATE, M. The Green Web. London: Earthscan, 1999.

KELLEHER, G. Guidelines for marine protected areas, 1999.

KELLEHER, G. Guidelines for Marine Protected Areas. Best Practice Protected Area Guidelines Series No. 3. Gland y Cambridge: UICN, 2002.

MARTINEZ HERNANDEZ, J.M. La pesca artesanal en El Campello (SE Ibérico). Caracterización y elementos para una ordenación. Tesis Doctoral. Universidad de Alicante, 1997.

MAS, J e BARCALA, E. Estudio del efecto reserva en base al seguimiento de estadística pesquera de la flota artesanal en su área de influencia. IEO Centro Oceanográfico de Murcia, 1997.

PALUMBI, S.R. "The ecology of marine protected areas". In: Bertness, M.D, S.M. Gaines y M.E. Hixon (Eds). Marine Community Ecology, pp.509–530. Sunderland, MA: Sinauer Associates. 2001.

PHILLIPS, A. Management Guidelines for IUCN Category V Protected Areas: Protected Landscapes/Seascapes. Best Practice Protected Area Guidelines Series No. 9. Gland y Cambridge: UICN, 2002.

PHILLIPS, A. "A short history of the international system of protected area management categories". Paper prepared for the WCPA Task Force on protected area categories, 2007.

POMEROY, PARKS e WATSON. How is your MPA doing? A guidebook to natural and social indicators for evaluating marine protected areas management effectiveness, 2004.

RAMOS ESPLÁ, A.A. Reserva marina de Tabarca: Evaluación ecológica y socioeconómica de los efectos de una propuesta pionera. En "La gestión de los espacios marinos protegidos en el Mediterráneo Occidental" J. Guirado (Coor.) Inst. Est. Almerienses. 181-186, 1995.

RAMOS ESPLÁ, A.A. e MCNEIL, S. The status of Marine Conservation in Spain. *Ocean. Coast. Manag.*, 24: 125-138, 1994.

RAMOS ESPLÁ, A.A. e MAS, J. La protección de los espacios marinos en España. Análisis y propuestas de actuación. En *Aulas del Mar: Aula de pesquerías* S. Zamora, B. García, L. Bermudez & C. Bas (Eds). Universidad de Murcia. 173-182, 1995.

RAMOS ESPLÁ, A.A., BAYLE, J.T, e SÁNCHEZ LIZASO, J.L. Impact biologique et économique de la Reserve Marine de Tabarca (Alicante, Sud Est de l'Espagne). En "Impact économique des espaces côtiers protégés. J. Olivier, N. Gerardin & A. Jeudy De Grissac (Eds.) Secrétariat du MEDPAN Publ., Fr. 1992: 59-66, 1992.

RAMOS ESPLÁ, A.A; BAYLE, J.T., e SÁNCHEZ LIZASO, J.L. La reserva marina de la isla de Tabarca. Balance de cinco años de protección. En: *Estudios sobre la Reserva Marina de la isla de Tabarca*. F. Galindo (Coord.) Publ. Ministerio Agricultura y Pesca 165-180, 1992.

SÁNCHEZ LIZASO, J.L. Marine protected areas in coastal zone management. *In: Coastal Zone Management: From Needs to Action*. M. Carroll & K. Dubsky (Eds.), Coastal Europe Network Publ.: 142-147, 1995.

SÁNCHEZ LIZASO, J.L., GUILLÉN, J.E., RAMOS ESPLÁ, A.A., ARANDA, A. e BAYLE, J.T. Áreas marinas protegidas de la Comunidad Valenciana. Necesidad y Objetivos. En J. Honrubia (Coord.) *La Comunitat Valenciana en l'Europa Unida Tomo XI*. Generalitat Valenciana: 43-48, 1994.

SALM, CLARK e SIIRILA. Marine and coastal protected areas: a guide for planners and managers, 2004.

SANDWITH. T., SHINE, C., HAMILTON, L e SHEPPARD, D. Transboundary Protected Areas for Peace and Cooperation. Best Practice Protected Area Guidelines Series No. 7. Gland y Cambridge: UICN, 2001.

STOLTON, S., DUDLEY, N e RANDALL, J. Natural Security: Protected areas and hazard mitigation. The Arguments for Protection Series. Gland: WWF International, 2008.

SULU, R., CUMMING, R., WANTIEZ, L., KUMAR, L., MULIPOLA, A., LOBER, M., SAUNI, S., POULASI, T e PAKOA, K. "Status of Coral Reefs in the Southwest Pacific Region to 2002: Fiji, Nauru, New Caledonia, Samoa, Solomon Islands, Tuvalu and Vanuatu". In: Wilkinson, C.R. (Ed.) *Status of Coral Reefs of the World 2002*. Townsville, Queensland: Australian Institute of Marine Science, 2002.

TISDELL, C. e BROADUS, J.C. Policy issues related to the establishment and management of Marine Reserves. *Coastal Management*, 17: 37-53, 1989.

UICN. Classification and Use of Protected Natural and Cultural Areas. IUCN Occasional Paper No. 4. Morges: UICN, 1974.

UICN. Categories, Objectives and Criteria: Final Report of the Committee and Criteria of the CNPPA/IUCN. Morges: UICN, 1978.



---

## PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL 2024-2026

---

UICN/CMMC. Guidelines for Protected Area Management Categories. Gland y Cambridge: UICN, 1994.

UICN-CMAP. Establishing resilient marine protected area networks: making it happen, 2008.

UICN. Managing marine protected areas: a toolkit for the Western Indian Ocean, 2004.

WHITE, ALIÑO E MENESES. Creating and managing marine protected areas in the Philippines, 2006.